

# A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 69 \* DO 6 AO 12 DE XULIO DE 1979 \* 30 PESETAS

PARAPSIKOLOXIA:  
**DE COSTAS AOS SANTOS  
E EN NOME DA CIENCIA**



O "trust" da carne

A fuga dos barcos

ACUÑA CASTROVIEJO:  
Conocer o pasado pra comprender Galicia

## ¿QUE QUERERAN ESTES SEÑORES?


"El Ideal Gallego" do sábado, día 30 de San Xoan, publica unha carta titulada ¿Qué quieren los del POG?

"He visto en su periódico el despliegue que hacen ustedes para anunciar que el Partido Obrero Gallego —que son cuatro señores, nada más— no estaba de acuerdo con el Estatuto de Autonomía de Galicia, y ante ello yo me pregunto ¿qué quieren estos señores?. Ya sé que hai otros peores que ellos. Peores me refiero, a que quisieran que Galicia se separara de España, pero esos señores, los del Bloque, habrá que sufríros si es que estamos en una democracia, y de hecho ya venimos sufriendolos desde hace bastante tiempo, porque hay que ver la lata que dan en todo. Pero los del POG no tienen derecho a hacer lo que han hecho. La mayoría de los gallegos autonomistas, el éxito de Unidad Galega, en cuya coalición tomó parte el POG, no andan por ahí, porque si anduviesen en esa dirección hubieran votado, preferiblemente, al Bloque, y ya hemos dicho que esos son un mundo aparte".

Pra que despoixa digan que o enfrentamento do nacionalismo e o españolismo é un invento sin fundamento. Os españoles convictos e confesos, pol o visto saben quen son uns e outros. E aos promotores das trécolas de estatutos "nacionales e progresistas" acailles aquilo de "usté no es ná, ni chicha ni limoná".

## XORNADAS ESPAÑOLAS

"Pero como en este país que



llamamos España hay una especie de contagio de brujería, el Estatuto gallego recibe un tratamiento enormemente injusto... Con la silenciosa suavidad propia de su naturaleza, los gallegos han depositado en el Congreso el borrador o el proyecto de autonomía... Comento Luis Apostua na sua sección de "Jornada Española" en "El Ideal Gallego" de sábado 30 de xunio.

Os "depositarios" do estatuto foron gacheiros pra que non os vira ninguén, que, como tiralevitas profesionais, saben a lección de memoria e son verdadeiros mestres na arte de lles facer a corte aos gobernantes madrileños ser erger a lebre en Galicia. Non é suavidade nen silencio, meu señor, que é desinterés do noso pobo polas chafalladas autonomistas. E o "tratamiento injusto" non lle é cousa do meigallo non pode solprender a

ninguén, que exemplos hai abondo na Historia de que "Romo non paga a traidores". Pero danos o fío do lombo que Madrid acabará pagando, e que o de hoxe, é sinxelo regateo.

## ESPAÑOLEAR

"Si las autonomías son convenientes, no hay por qué regatearlas, no tienen que ser el mínimo de autonomía, sino el máximo posible. Ahora bien, son autonomías de España.

Nefeuto, o regatearen non é propio dos "espiritos cultivados", eso queda prás pescantinas da beiramar ou prás prazas de abastos. As miudezas galegas, catalanas, bascas ou canarias non son merecentes máis ca dun xesto magnánimo e condescendente do sabio entregado en corpo e ánima a adorar o sagro misterio, a esencia da "españolidad", de xenio español a demaia ideas elevadas. Cando os nacionalismos se erguen contra do "Imperio", bótáselle a culpa aos "demos familiares" e santas pascuas. "Demos" que nada teñen que ver, por certo, co noso trasno, un demo rexoubeiro e ao fin, humano.

Despáchase o asunto, se acaso, coas autonomías, que naturalmente, son españolas de pura cepa, como xa sabiamos os que non comungabamos con "Estatutos "nacionales e progresistas", e a ver se así se soluciona o problema de España "invertida" e nos convirten aos galegos, bascos, cataláns e canarios, repugnantes bichos reptantes, en españoles e vertebrados "superiores".

Despáchase o asunto, se acaso, coas autonomías, que naturalmente, son españolas de pura cepa, como xa sabiamos os que non comungabamos con "Estatutos "nacionales e progresistas", e a ver se así se soluciona o problema de España "invertida" e nos convirten aos galegos, bascos, cataláns e canarios, repugnantes bichos reptantes, en españoles e vertebrados "superiores".

## NORMAL

En "La Voz de Galicia" do día tres de mos de Santiago, publícase unha nova da delegación do Ferrol, exemplo de imparcialidade periodística, na que se informa? sobor do municipio de Fene: "... en la misma sesión extraordinaria el alcalde Rivera Arnos, uno de los pocos del BNPG (! ?) en Galicia, escucho una críticas de todos los concejales, a excepción de los de su partido, en relación con su actitud en la reunión de los alcaldes gallegos de Santiago de Compostela... El alcalde justificó su postura diciendo que en todo momento había defendido el acuerdo adoptado por su corporación en relación con la autonomía. Pero, afirmó, como home do Bloque tamén defendín os intereses do meu partido, e eso non supón contradición algunha. Por otra parte, el alcalde llegó a estudiar la posibilidad de ejercitar alguna acción legal contra el concejal Gerardo



Aveiras López, que al criticar su actuación en la reunión de alcaldes dirigió contra José María Rivera el calificativo de "Subnormal".

Esto é o novo. Amais de terroristas, maximalistas, agora os nacionalistas seica somos subnormais. A condición de "subnormais" vai moi ligada á de habitantes de "naciones inferiores"; matinen senón no nome de mongólicos, usado polos "normais" e ben paracidos, asociado ao aspecto dos nados en Mongolia. Pois ben, ó ben visto, o declararse galego é sintoma de "subnormalidade", asegún os "arios", españoles purísimos, dos señores do PSOE.



# Un paso adelante

A NOSA TERRA conta hoxe con máis de 4.000 suscriptores pero necesitamos conseguir entre todos 1.000 novas suscripciones.

Colabore coa prensa galega, faga un suscriptor pra A NOSA TERRA!

Estado: Suscripción semestral, 800 Ptas. Suscripción anual, 1.500 Ptas.— EUROPA: Anual, 1.900 Ptas. Semestral, 1.000 Ptas.— AMERICA: Arxentina, Uruguay, México, etc. Anual, 2.600 Ptas. Semestral, 1.325 Ptas.— U.S.A., Puerto Rico: Anual 2.350 Ptas. Semestral, 1.200 Ptas.

Nome \_\_\_\_\_  
 Profesión \_\_\_\_\_  
 Enderezo \_\_\_\_\_  
 Poboación \_\_\_\_\_  
 Provincia \_\_\_\_\_  
 Desexo suscribirme ao periódico galego semanal A NOSA TERRA  
 por un ano  por seis meses   
 Envío o importe (cheque  xiro postal  transferencia   
 \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de 197 \_\_\_\_\_

Novo nº. da conta no Banco Pastor de Santiago: 106.735

Agasalle a un amigo cunha **COLECCION ENCUADERNADA** de A NOSA TERRA dende o número 0 ao 26. O precio é somente de 1.200 pesetas, incluídos gastos de remesa.

## "A NOSA TERRA", EN BARCELONA

- JULIA: Trevesera — Tuset.
- SARGADELOS: Provença 274 — acaron da Rambla de Catalunya.
- MONJO: Ronda Sant Antoni — Universitat.
- MARTOS: Rambles — Frente Carmen.
- PALOU: Rambles — Frente Hospital.
- DUEÑAS: Hospital 96.
- U.D.E.: Rambles — Frente "Centro Gallego".
- MIGUELAÑEZ: Avda. Porta de l'Angel — Frente "Jorba Preciados".
- LATRE: Plaça "Palacio".
- HERRERA: Passeig de Colón — Frente Correos.
- GALIANA: Passeig Nacional — Frente Carrer Maquinista.
- "HOJA DEL LUNES": Plaça Catalunya — Frente Baltá.
- "EL NOTICIERO": Plaça Catalunya — Frente Rivadeneyra.
- TALLERS: Rambles — Frente Tallers.
- "NUEVO": Rambles — Frente Liceu.
- "UNION": Rambles — Frente "Unión".
- PRINCIPAL: Rambles — Frente Plaça del Teatre.
- TELE-EXPRESS: Passeig de Gràcia — Mallorca.
- "EL CORREO CATALAN": Passeig de Gràcia — Mallorca.
- CANALETES: Rambles — Plaça Catalunya.

Está xa calculado e programado, anque á espreita do momento oportuno pra nolo amosaren en toda a súa crueza descarnada, o "trust" da carne en Galicia. Unha vez mais, demóstrase que Galicia é un país eivado dunha burguesía que nun momento da Historia turrara por ela; son as clases populares galegas as que teñen de apeitar non samente cos problemas propios, senón coas desfeitas desa burguesía intermediaria que, inda que nada é en Galicia, tén intereses alleos a nós. Disque polo fío, e así é, coa operación da venda da FRIGSA

sal á luz o problema da carne, que afecta non samente a Lugo, senón a toda Galicia. E non está aí samente o rumor, senón tamén a confirmación; hai nomes de homes que toda a vida manexaron o campo galego, Franqueira en Ourense, o ex-presidente da Xunta ou algún membro máis da súa familia en Lugo, Corzo na Coruña... Estes homes, e algún máis dos que se acochan na Administración, nos Bancos e máis no Poder Político.

## O "TRUST" DA CARNE

### O PROIECTO DE REDUCIR FRIGSA XA ESTA FIRMADO

Estes son os pasos que deron nestes últimos días: Franqueira era o presidente do Consello de Administración de "Campoverde" (Monforte); deixou "Campoverfe" e fíxose cargo de "Frigolouro" no Porriño. Ricardo Rosón fíxose cargo de "Campoverde"; este irmán de Rosón, tamén apencou co de FRIGSA en Lugo. Don José, da granxa "Arjeriz", fíxose cargo de "Mafriosa" na Coruña; tamén que todo isto vai moi ben adubiado e integrado na cadea de "Unión Territorial de Cooperativas del Campo" (UTECA), ou seña, UTECA-Lugo e UTECA-Ourense, onde se van facer unhas explotacións que van entrar en cadea e que estes catro matadeiros van comercializar. En fin, como aquel que di: "Eles fan e desfán".

Nós non samente dubidamos das "boas intencións" destes señores do "trust" da carne en Galicia, senón que algún coma Delfán Díez, funcionario escendente no Ministerio de Agricultura, pregúntase: "¿Cal vai ser a postura dos labregos que non entren nesa cadea?". Prácticamente, o único que lles queda e pecharen as portas e marchar pra Suíza; e como en Suíza non os queren, pois, non sei... botarse ao río máis próximo". As cadeas da adquisición estarían montadas en base aos homes fideles de sempre, eses que recomendaban pra entrar a traballar na FRIGSA, por exemplo. "Hai 25 anos, en Lugo concretamente, había un grupo de deportados; entre os máis importantes, estaban, no ramo de "vacuno" o

#### CADRO BRANCO

En sesión celebrada o 27 de xunio do 79, o Claustro de profesores do Instituto de Bacheleato "As Lagoas" de Ourense, con somentes dous votos en contra, pronunciouse pola "normalización consecuen-te do idioma galego". Asemade, con duas abstencións, acordou dirixirse ao Goberno español pra que urxentemente poña os medios pra efectivar a normalización, responsabilizándoo de non telo feito antes.


Páramo, o Estaqueiro e o Eliseo; en ovellas, que daquela, hai vintecinco ou trinta anos, había moitas, o que levaba o número 1 era Camilo, e cada un destes homes tiña un equipo de seis ou sete compradores. Ian ás grandes feiras que se celebraban nas vilas da provincia, tiñan entre eles grandes competencia, co que o paisano conseguía que se lle subira o precio, porque é que eles todas as semás tiñan que encher dous ou tres trens pra mandaren a Madrid ou Barcelona exclusivamente.

Os embarques normalmente eran todos os mércores e vernes, e eran trens de catorce ou quince vagóns os que se facturaban en Lugo; era tal o trasego de gando, que os Fernández de Lugo chegaron a crear unha compañía propia de vagóns, que se chama-ba TRANSFESA. Os días de embarque era un perigo andar polas beiras da estación; polas ruas de Montero Ríos e Monforte baixaban soltos 200 ou 300 becerros, era unha época na que samente a provincia de Lugo producía das 450.000 cabezas".

Cando esto acontecía, aparece FRIGSA con moito trunfalismo: "FRIGSA montouna un "trust" que operou moitísimos anos no Estado español. Xente intelixente, deso non hai dúbida; e por se non eran eles intelixentes abondo, montaron equipos de homes moi preparados que comen-zaron xa a practicar o "marketing", cando practicamente pra o 99 por 100 dos habitantes do Estado era unha palabra americana que non sabiamos moi ben o que significaba. E así, comen-zaron planificando practicamente pra uns quince ou vinte anos. A gran habilidade desta xente foi o de daren integrado a cáseque todo o mundo na súa organización. FRIGSA conseguiu, así, non samente sere a que marcaba os precios, condicións de venda do gando, senón que me astrevería a decir que marcaba o nivel de vida de todos e cada un dos labregos da provincia de Lugo. Hoxe, as industrias cárnicas están a pasar por momentos críticos."

**IMPORTANCIONS**

Nos anos 55-60, FRIGSA pagáballe ao labrego 48,52 pese-



XURXO FERNANDEZ

eses becerros de 15 ou 20 días que lles mercan aos labregos. Con todo, ao ter descuberto a Dirección Xeral de Comercio Interior que aos becerros de recría lles daban hormonas nos dous meses derradeiros, estése, lles a poñer a cousa difícil. Volve ser o labrego galego o que está en ventaxade competir, xa que pra mantenza do becerro conta con máis facilidades, como pode ser ese 50 ou 60 por cen de herba verde que apenas lle costa. Todo consiste en que gañe a partida: ou os labregos galegos, ou as redes dos monopolios da carne. Xa se fala de que as queimas dos montes son un gañar tempo o terreo pra os que xa agora teñen

tas o Kg. Pero velaí tes que da Arxentina empezan a chegar "canales de novillo" de primeira calidade que postos en calqueira dos postos do Estado español safan a 35 pesetas Kg. Con estas ganancias de 12 a 13 en Kg. da carne que viña de afóra, dase pé pra seguír importando de Chile e logo do Uruguay. Chegouse a unha media de 4.000 toneladas por semá e velaí o comenzo do mal da nosa gandería. Despois ben o Mercado de Santiago. O Mercado de Salgueiros fai de sangueira. Os carniceros de fora de Galicia, en vendo que lles chegaba a carne moi cara, escolleron montaren os propios cebadeiros, que é pra onde van

cartos e poder se faceren coa titularidade deles e teren boas pradieras nas que o seu gando se cebe máis barato.

#### OS MONOPOLIOS APURAN A VACA

FRIGSA, pra enxugar débedas, está no ar. Xa no Pleno de nadal do 78, cando a Corporación luguesa lle deu luz verde ao proxecto, de venda dos terreos que hoxe tén FRIGSA, houbo mostras craras de alegría. Ao remate do Pleno, no propio despacho do Secretario particular, do alcalde, o Sr. Fernández Pío, director da FRIGSA, fixo unha chamada telefónica na que dixo: "Esto está hecho". Polo que parece, os bancos non daban os créditos sen a seguranza de que puidera hipotecar dobre o terreo da FRIGSA, e compría o visto bo da Corporación.

Xa é un segredo a voces que hai un proxecto firmado por técnico e máis inxeniero, co que se pensa facer, con parte dos cartos dos terreos da venda de FRIGSA, un sinxelo, matadeiro no Ceao, e pra algo máis de 100 traballadores. Dende logo, que 51.000 m2 non dan pra facer unha factoría integral, cando samente os erreos que hoxe ocupa a FRIGSA son 15.000 m2. Está visto que imos pra tras.

A AN-PG está a levar a loita en Lugo en medio de gran simpatía.

Por Lugo pregúntase a que agardaban os todopoderosos señores do monopolio cárnico pra amosaren os cornos e o rabo da custión.

**PACO ARRIZADO**

#### CADRO NEGRO

O alcalde de Allariz, granxeiro de Franqueira e da UCD non acepta os informes das Comisións "por vir en galego". O Presidente da Diputación de Ourense, xerente da UTECA, da UCD e Franqueira, suspendeu o Pleno da Diputación do 26 de xunio do 79 porque o Diputado do BN-PG non aceptou dicarlle en español unha proposta ao secretario da Corporación provincial.

# A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

Edita: Promocións Culturais Galegas, S.A.

#### Comisión de Fundadores:

Acosta Beiras, Xoaquín.  
Fontenla Rodríguez, Xosé Luis.  
López Gómez, Felipe Senén.  
Morales Quintana, Xosé Enrique.  
Varela García, César.

Directora: Margarita Ledo Andión

#### Redactores

e Colaboradores: Xosé Ramón Pousa, María Alonso (España),  
Antón L. Galocha, Lois Celeiro, Carlos Durán (Londres),  
Marita Otero, Pablo Viz, A. P. Dasilva (Porto),  
Paco Arrizado, Fernando Franco, Juanjo Navarro, Llatzer Moix,  
Ignacio Briset, Suso Piñeiro, Guillermo Pérez, F. Cusi, Patifio, Vázquez Pintor.  
Emilio Veiga (Países Catalpans),  
P. Ipañaguirre, Maialde (Euskadi).

Redacción e Administración:  
Troia 10-primeiro Santiago  
Teléfonos:  
Redacción: 582681  
Administración (de 10 a 14):  
582613

Diseño e Confección:  
Pepe Barro

Fotografía: Brais,  
Xurxo Fernández, Fernando Bellas

Dibuxos: Xaquín Marín,  
Xulio Maside, Alfonso Sucasas,  
Xurxo Fernández


Imprenta: "La Región, S.A." Offset  
C. Quiroga, 11-15. Ourense  
Dep. Legal: C-963-1977

Distribución: A Coruña, Librería COLON, Real 24, telf. 222206. Santiago e Lugo, PRENSA NACIONAL, Telf. 583456. Pontevedra, Librería CAO, Telf. 855374. Vigo, Distribuidora VI-GUESA, Telf. 414570. Ferrol, Distribuidora VELO, Telf. 357707. Ourense, Vda. de Lisardo, Telf. 230218. Bilbao, Distribuidora Vasca, Telf. 4231933. Barcelona, F. Rafales, Artal, Telf. 2433658.

FUGA DOS BARCOS

A idea das empresas mistas, "xogada perfecta" en palabras do seu autor Víctor Moro, parece que atopa a cada paso novos aplicadores: xa foron varias as reunións no "Hotel Barajas" de Madrid entre medianos armadores de todo o Estado con vistas a "cooperación" pesqueira con Venezuela, Uruguay e México, 3 eran os representantes dos armadores galegos, da Coruña, Marín e Vigo que, despois de visitas comerciais a Venezuela tentan crear, primeiramente neste país e logo nos outros, unhas empresas mistas onde barcos e homes son os de bandeira española e caladeiros daqueles países americanos.

Pola contra consultada a Federación de Armadores de Vigo, afirma que, corporativamente, non sabe nada destas negociacións a vez que a mesma fonte asegura: "levanos dous anos de aguante, por agora non hai queixa, pero pode cambiar todo se un país dono dos caladeiros habituais nosos decide actuar unilateralmente"... Hastra eiquí a escuela noticia-infiltración dunhas negociacións que coma outras, non coñece xeralmente a opinión pública máis que dende ultimadas —pro que tén moita máis importancia pra os traballadores galegos do mar da que a primeira vista poidera parecer.



tualmente faenaban no Grand Sole ocorreselles que unha boa maneira de agacharen o paro e a emigración forzosos é matricular os seus buques en Venezuela ou Uruguay, matando a varios paxaros dun tiro: permite seguir vivindo coma empresa pesqueira, aludindo a falla de licencias nas augas da C.E.E., atópanse

novos mercados prá pesca, e amais, dáselles unha saída "honrosa" aos traballadores do mar, que iran faenar ás augas do continente americano sen necesidade de indemnizacións nin de molestas protestas por falla de traballo, sobor de todo en portos pequenos coma Marín.

FOMENTAR UN SECTOR PESQUEIRO NOUTROS PAISES






O remedo da actuación dos conxeladores queda plasmado nos seguintes datos: a mediados do ano 1978 eran 106 os buques españois de gran porte, que participaban en empresas mistas cos seguintes países: Arxentina (44) Marrocos (31) México (6) (Venezuela (5) Ecuador (6) Perú (4), Uruguay (4) etc. Eran, asegun reseñaba "Industrias Pesqueras", os buques máis sofisticados da flota española, e as súas capturas, unha vez conxeladas, serían nunha primeira fase desembarcadas nos portos españois.

O que xa non se pode conseguir co método das empresas mistas é que barcos con campañas habituais de 10-12 días, de fresco, atravesen o Océano Atlántico pra desembarcar e vender en Galicia as súas capturas venezolanas, que non se lle chame a emigración a ter que se trasladar ao outro continente para poder seguir traballando (ter un medio de vida distinto do das plataformas petrolíferas única saída que albiscan os milleiros de mariñeiros galegos ante o paro). En fin, o que noutras polas da nosa flamante "burguesía" industrial se vén dando diante da crisis, ao respostaren cos peches de fábricas, no mundo do mar empeza nunha primeira fase coa Fuga dos barcos.

QUE SIGNIFICA REALMENTE O TERMINO "COOPERACION PESQUEIRA"?

E a maneira máis eufemística de anomear algo tan sinxelo como a venda ventaxosa de barcos, tecnoloxía e mau de obra, procedentes dalgún porto do Estado español, a calquer país que, tendo caladeiros, non dispoñen nin de tradición pesqueira nin de posibilidades de explotación do seu mar continental. Os armadores, coa anuencia e

alento do aparello do Estado Español, danlles saída a uns buques pesqueiros —nunha primeira fase coa mau de obra incluída— que pola falla asumida de caladeiros, terían como destino inmediato o desguace. E dicir, diante dos graves problemas padecidos pola pesca galega, que van dende o esnaguizamento da de baixura á falla total dunha alternativa pra o subsector da pesca de litoral e altura, e remendando ás grandes empresas do conxelo as oligopolistas aos armadores dos barcos que habi-

**AS CERAMICAS DO CASTRO  E AS DE SARGA   
DE LOS  ESTAN FEITAS  
CON TERRAS GALEGAS,  
AS IDEAS E A CIENCIA  
QUE LLES PROPORCIONA O LABORATORIO DE  
FORMAS DE GALICIA   
E O SEMINARIO DE ESTUDOS CERAMICOS **

**ENGADINDO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR  
AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER  
UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEI  
TANDO NA NOSA TERRA OS NOSOS RECURSOS**

E histórico o coñecemento das potencialidades do sochán do noso país, igual ca o de toda a Península Ibérica. E histórico tamén o trasvase arreo que dos nosos produtos minerais se leva feito; ben baixo a dominación dos romanos, dos árabes ou outras dominacións máis dos nosos días. Primeiro, sucesivas determinacións dos reis españoles arrecadaban prá Coroa a totalidade ou parte dos beneficios minerais, por mor de atender aos seus gastos bélicos e non bélicos; máis tarde, os encargados da planificación do Estado español non contaron con Galicia, coa súa vella tradición metalúrxica, pra o emprazamento de novos espazos industriais; foise esvaíndo aquel pulo mineiro doutroa, e a minería pasou a ser medio secundario de vida, ou ficou cinguida a non máis ca certas zonas.

Pero esa potencia sigue aí. A estrutura do noso chan e sochán sigue a ser a mesma, e as súas posibilidades de explotación idénticas. Non falla máis que a adopción dun fado de medidas, tales como estudos de vagar e científicos sobre o terreo, mellora das vías de comunicación, mellora e abaratamento do transporte, fomento e protección da pequena empresa, etc., enxertados nun plan xeral económico pra o noso país. A espreita dunhas e outros, ofrecémoslles hoxe aos lectores un pequeno inventario sobre esta nosa fonte de riqueza, tan importante como interesadamente desconocida.

X.A. GARCIA C. GUEDE G. FREIRIA A. DORRIBO I. DOMINGUEZ X. FIDALGO

## Os "nosos" recursos minerais

Distinguiremos entre penas, ou produtos que estraen das canteiras, e mineiras, que son os que se atopan no sochán.

En canto ás primeiras, salientan o granito, dioritas e grabos (eruptivos), así como as pizarras, arxilas, cuarzos e calizas (sedimentarias). E baixo o nome de granito como se comercializan, amais destes, os grabos, as dolomitas, diablasas, etc. A localización da pedra de gran espállase dende o cabo de San Adrián á ría de Arousa, e ao longo das Rías Baixas e dos montes de San Xoán. Esta liña atravesa as serras de Cabra, Santiago e Barbanza. Unha das súas variedades, o granito de dúas micas, está localizado maiormente en Ourense e Pontevedra.

As nosas reservas graníticas considéranse importantes, pero son inúmeras as canteiras adicadas á súa extracción, a maior parte de pequena dimensión. Somentes na Coruña, hai unhas dúascentas en actividade. No tocante á caliza, compre falar do Val do Mao, que o que fornece á fábrica de cementos do Oural, as de Meira, destinadas á fábrica de abonos nitroxenados das Pontes, ou as canteiras de Dompño, Buxón, Lóuzara, Castroverde, todas elas na provincia de Lugo. E en troques, na provincia de

Coruña e Ourense onde se topan as máis das terras de arxila. Na primeira temos as de Buño, moi aluminosas, e na segunda, Maceda, Verín, A Rua, Xunqueira de Espadañedo. E tamén en Ourense, na Serra de Valdeorras, onde se da o mellor da nosa produción de pizarra, inda que as canteiras abonden en toda a provincia de Lugo, e na comarca de Ortigueira, na da Coruña. Estaría aínda falarmos no tocante a penas, dos marbres, en Sasdónigas, Balaño, O Incio, na p. de Lugo, aos aluviños silíceos —grabeiras de Bergondo, Cecebre, Betanzos, na p. da Coruña— e as anomeadas "arendes costeiras", que non son senón a área de praia, que se está a empregar como área común na construción.

### OS MINERAIS

Tendo en conta o volume de explotación e mesmo as reservas estimadas, o noso país ten en concreto na provincia da Coruña, o 100 por cen da produción do Estado en titanio, o 30 por 100 da produción de caolín, así como o 500 por 100 das reservas estatais de ferro, arredor de 200 millóns de toneladas, cunha lei do 47 por 100 —superior a Francia, Alemaña, Inglaterra...—

e con posibilidades de extracción a ceo aberto e con unha proporción outa de silice e mesmo de fósforo. Temos de sulñar que na Coruña, nos termos de O Pino e Touro, atópase este mineral en forma de piritas de ferro e cobre —2,5 millóns de toneladas— e é moi posible topar concentradas 8,5 millóns e a lei do mineral adoita dar a seguinte composición: 40 a 43 por cen de ferro; 25 a 35 de xofre, e do 15 ao 25 de cobre.

E tamén importante nas comarcas da Rúa e de Vilmartín —criadeiros de Fontei, Montefurado, Somoza— a produción de mineral de ferro, nos que, asegún consideracións do ano 67, había reservas de 19 millóns de toneladas. Na mina de San Esteban, en Carballedo, sácase en forma de óxido (limonita) e carbonato (siderita); hai unhas reservas comprobadas de 5 millóns e probables de 10. Restarían aínda outros focos.

A minería de Lugo é unha das máis ricas, de Viveiro ao Incio, pasando por Meira e Villalba. Como exemplo, en Viveiro atópanse 61 millóns de toneladas.


Antes de seguirmos, compre ter presente que Galicia ten 8 dos 12 minerais considerados deficitarios, como titanio, ferro, cobre, amais de chumbo, estaño, zinc, wolfram e asbestos.

A minería do estaño e do wolfram tópanse hoxe repartida entre as minas da Penouta, no Bolo, as máis importantes de Europa en volume de extracción, AS Neves, Verín, o grupo mineiro de Gomesende, e na comarca de Bergantiños.

Referíndonos ao titanio, 9 das 10 minas de todo o Estado atópanse no noso país, nas zonas de Tordoia, Carballedo e Buxón, a magnesita en Rubián, na de Lugo, amais de reservas de litio e serpentina, cromo, níquel, cobalto, no norte da Coruña e Pontevedra.

Existen tamén no noso país silicatos de aluminio, cianita, torba, seixo (en Estaca de Bares, maiormente), andalucita, e lignito, principalmente nas Pontes e Meirama.

Restaríanos aínda a presenza dun mineral tan importante coma o caolín do que e sobran eira a zona de Laxe, de gran xebraza, Burela e O Porriño-Tui, con xacementos nos que non compre lavado posterior.



## crónica política

Esta chegando unha nova celebración do Día da Patria Galega, na que os nacionalistas se manifestarán en Santiago pra reivindicar a soberanía de Galicia según se concreta no proxecto político representado plas Bases Constitucionais. Non deixa de ser paradóxico que partidos de práctica diaria españoлисты se queiran arrojar pra esta data unha fasquía de falso galeguismo. Os mesmos que se pronuncia a cotío a favor da alternativa autonómica —colonial e antigalega— os que votan en contra da esibición da nosa bandeira no axuntamento de Fene, os que participan en todo tipo de mobilizacións organizadas polo españolismo e boicotean as alternativas sindicais e de masas do nacionalismo, pretenden vertirse de patriotas, unha vez ao ano, o 25 de Xulio. Como táctica embaucadora e demagógica podemos considerar a de aquelas organizacións que chaman a un Día da Patria Gelega pola autodeterminación e a soberanía nacional, obxetivos estes sistemáticamente torpedeados na súa actuación partidaria.

O auténtico nacionalismo, o de práctica coherente en defensa da soberanía do noso pobo, fará do próximo Día da Patria Galega un fito máis no camiño que conduce de cara a esa meta política, e que ten o respaldo dunha batalla consecuenta a todos os niveles, tanto institucionais coma organizativos.

### A MAN DOS ADVERSARIOS

A miúdo aparecen na prensa novas relativas á formación ou actuacións de grupos que pretenden radicalizar formalmente a loita de Galicia pola súa liberación, e que no fondo persiguen o desprestixio do movemento nacional-popular. O ano pasado foi aquela fantasmagórica Liga Armada Galega, da que a efímera existencia e sospeitosa vinculación reaccionaria deixou paso ao recién aparecido Frente Popular Gelego, asegún as noticias suministradas por algún xornal do país. En ambos casos está a man dos adversarios do nacionalismo, que sempre moven os fios nuns intrínsecos, datas ou efemérides nas que o movemento patriótico cobra especial relevancia. A opinión pública galega debe estar a salvo das tentativas confusionistas e que, asegún vaia medrando a conciencia política do noso pobo, serán instrumentalizadas con máis insistencia.

### QUE PAGUE O ESTADO

Tivo que ser o voto do alcalde de Fene o que decidiu que non fora pra diante unha moción da respectiva corporación na que se solicitaba un salario prá primeira autoridade municipal. Se ban comprendemos que a adicación pública debe estar subvencionada como tal, non é correcto que seña os presupostos dos concellos, os máis deles en situación sumamente precaria, os que teñan que apandar con estas sobrecargas pecuniarias. Contrasta a actitude exemplar do alcalde coa seguida polos representantes edilicios doutros partidos, e que na súa campaña fixeron propaganda a favor dos intereses populares, colocando agora o tema das subvencións aos concellos no primeiro plano do seu labor reivindicativo.

### CORTEGADA S.A. TEN NOMES

O PC parece andar moi preocupado últimamente pola urbanización que se pretende facer na illa da Cortegada, nomeado incluso unha comisión ao respecto pra enterarse dos intereses económicos que andan detrás. Se o PC fora lector de A NOSA TERRA sabería, asegún este periódico informou o ano pasado, que a illa foi entregada a principios deste século á monarquía española, sendo o actual propietario don Juan de Borbón. Este príncipe galego deu tamén o nome da persoa que está detrás da urbanizadora CORTEGADA S.A., o señor País Ferrín, subsidiario político de Garrigues e sobradamente conocido pola súa vinculación aos negocios especulativos en Galicia. E o PC estivera medianamente informado podería aforrar os traballos de tal comisión.

### ASSUBAS DOS CARBURANTES

Pesie ás campañas feitas polo partido do Goberno durante as pasadas campañas electorais, e pesie a que a suba acordada pola OPE non será efectiva hastra comenzos do ano que ven, os precios dos produtos enerxéticos veñen de sufrir unha alza considerable. Resulta difícilmente xustificable esta alza xeral e indiscriminada baseándose nas novas condicións a que está sometida a importación dos crús do petróleo, pois este produto representa somentes un doce por cen do consumo enerxético do Estado Español. Por máis que esta medida teña consecuencias negativas prá economía do país, o Goberno pretende alamar á opinión pública sobor deste problema, co galo de sacar adiante un plan enerxético orientado a produción nuclear. De outra maneira non se comprendería como pode repercutir o petróleo nos precios da electricidade e do teléfono.

Alá, no s.XV, cando os Reis Católicos escomenzaron a matar ao Pobo Galego coa súa famosa orde: "Castración y doma del Reino de Galicia", unha das pragmáticas que fixeron foi en contra das festas. Decía así, pouco máis ou menos: Enterados de que las gentes de ese nuestro territorio hacen fiestas cuando se casan, dicen la primera misa, nace un hijo y otras muchas ocasiones y todas ellas supe-

riores a sus posibilidades; ordenamos y mandamos bajo pena de destierro de dos a cuatro años y a la de muerte si reincidiere, no sean invitados parientes algunos que los de primer grado..." Pero o Pobo, que non se resíño a morrer debaixo da opresión, foi trenzando ao carón das celebracións sagras, mesturadas e disfrazadas, as romerías profanas. Púxolle tamén o pobo as súas tradicións nomes de santos para podelas seguir

celebrando e todo colleu un carácter máis ou menos católico, hastra o entroido. As romerías e centros de culto celta déronlle nomes de virxes e ás festas estacionais ou gremiais nomes de santos. O pobo necesitaba comunicarse, relacionarse, estar xunto fronte á agresión, por eso salpicou de festas e ruadas toda a xeografía nacional. Pero hoxe...

## As festas, a esmorecer

Polos anos trinta do noso século cada parroquia tiña tres ou catro festas en días sinalados, agás da que cada lugar facía a súa cando lle certaba. Fiadeiros, esfolla, vendimia, seitura, tiñan a súa ruada. Coa chegada da ditadura foron reprimidas, xa que non daban autorización o as

desfacía a Guardia Civil ao seu antoxo. Tamén lle puxo un trabuco, cando as festas "sociales" (as dos casinos, etc) non pagan nada. O pobo tén que pagar por horas de comunicación, haxa ou non haxa verbena. Na década dos cincuenta volveron rexurdir as festas popula-

res tamén tomaron novo pulo as sagras, impulsadas polo Nacional-Catolicismo. Hoxe as festas, como expresión popular, estanse acabando na nosa nación e semellanos que son tres as causas: situación económica, descenso da práctica relixiosa e, sobor de todo, a



area na desaparición das festas. E moi fácil desprazarse dun lado a outro para tomar unha copa e ir ollar o que pasa. Das carballeiras e prados donde antes se espallaban as merendas, hoxe asentan ringleiras de coches. A volta da romería, que era onde se facía moitas veces "a festa", desaparece na súa importancia folklórica e social, volvéndose insulsa ao desaparecer a continuación de festa que tiña antes.

Desapareceron, tamén, en gran medida, as amplas relacións de comunicación doutro tempo en que lle era doado a un mozo ou a unha moza bailar con quince ou vinte parellas distintas; hoxe predomina o "ligue" e o ri ao "choio".

Asimismo, as festas volveron-se samente baile e como único número unha orquesta ou conxunto que sofre a competencia das discotecas e saás de festas. Poñamos uns exemplos: Na festa de Santa Uxía de Asma (Chantada) había cento vintecatro persoas, vinteseis máis ou menos mozas, oito atendendo os negocios, os demais vellos e rapaces. En Pradela (Carballedo), centro cuarenta e oito, contando a Parella da Guardia Civil; somentes dazaseis mozas, Vilela (Taboada), unha festa de gran nome, duascenas quince persoas, non máis de oitenta e sete mozos. Podimos seguir poñendo exemplos doutras vinte festas no que o número de persoas non chegaba aos douscentos cincuenta e o presuposto pasaba das cen mil pesetas, e como única atracción unha orquesta.

Nos barrios das cidades non se pode ir á verbena, que son tan abondosas as liortas que un non pode estar tranquilo. Na Coruña; Ourense, Monforte, podeste ver mallado por algunha "banda" sen ti ter culpa ningunha, que escolleu a festa como campo de combate, o enemigo é calquera.

A xente de máis idade, anque non haxa música, seguiran tindo a festa, polo menos de "pote", xa que saban o seu valor, sendo os que as sustentan anque non vaian beilar; entramentos, os mozos imitan a Travolta na discoteca.

Tamén os emigrantes nas súas vacacións non perden unha festa, sentíndoas como algo propio e vivo, obrando como verdadeiros revitalizadores, anque é moi triste que teñan que saír da nosa nación para darse conta do significado.

Vista esta situación, podemos decir que urxe cambiar as estruturas das festas actuais. Non tanta orquesta e máis numeros populares, nos que poidan participar tanto os mozos coma os vellos ou os rapaces.

A festa hai que voltarlle a participación, a relación, a comunicación; doutro eito AS FESTAS ESTAN A MORRER. A EYNE

# DESCUBRA A SUA SORTE

MAIS DE 30.000 PREMIOS SORPRESA PARA VDE.



Por cada 5000 Ptas de imposición na súa libreta de "A CAIXA", Vde. recibirá un boleto con opción a mais de 30.000 PREMIOS SORPRESA que lle serán entregados no acto, ou un número para participar nun...

SORTEO DE PREMIOS CUN "TOQUE" ESPECIAL

35 RELOS DE PAREDE de sonería, en materiais nobres que darán un toque especial no seu fogar.



A.B.E. Nº 2/6/79

do 19 de Xuño ao 24 de Xullo, 79



**CAIXA DE AFORROS DE SANTIAGO**

Caixa Confederada

SORTEO ANTE NOTARIO O DIA 27 DE XULLO, 79

RESTA O COCHE E O EMIGRANTE

Os medios de locomoción privados poñen o seu grao de

Carlos Alonso del Real, catedrático de Prehistoria en Santiago, conta cómo Acuña se convertiu en "mouro", e é que indo facer unhas escavación a unha mámoa, don Carlos escoitou contar a historia de que aquilo polo que preguntaba era cousa "de mouros", e que aínda non había moitos anos que un "mouro" viñera levar os tesouros que alí tiña soterrados. "¿E cómo era?" —preguntou Don Carlos— "Pois éralle así, de barbas, moi serio... era", era Acuña, que habería dous ou tres anos estivera escavando na mámoa.

E así, este home que naceu no ano 45, historiador galego, especialista na cultura castrexa e época romana, con máis de 40 traballos publicados sobor do tema, adxunto do Departamento de Prehistoria, Epigrafía e Numismática da Universidade Galega, membro da Sección de Prehistoria do I. "Padre Sarmiento"... convertiuse, por obra do pobo e por vontade propia en "mouro", non un daqueles que na lembranza popular fixeron eses monumentos, senón un novo tipo de "mouro", o dos que contribuen ao estudio daquela vida, daquelas testemuñas, pra que todos comprendamos millor Galicia.

## ACUÑA CASTROVIEJO

### Conocer o pasado pra comprender Galicia

¿Cómo chegaches a te especializares en Prehistoria e a te adicaresá Prehistoria galega? ¿Ves a necesidade de facer a historia dende eiquí, unha historia galega?

Eu empecei a preocuparme por esto a partir de cuarto de carreira, por contacto cunha serie de amigos da Universidade que nos empezamos a preocupar por problemas de Galicia en xeral, tanto a nivel histórico como literario... pro ademais, hai un momento no que tomamos contacto con don Fermín Bouza-Brei, que xa foi no ano 67. Daquela, cando empezabamos a traballar, eramos tres, o Carlos García Martínez, González Reboredo e máis eu. Viñamos de facer a nosa primeira campaña de escavación nas mámoas de Montouto, e cando lles demos a conocer a Bouza-Brei os resultados, foi o que nos animou a publicalos e o que nos guiou en todo esto. Logo, en conversas de café, na casa del, eu xa fun orientándome de cara a esto; non arqueoloxía en xeral, senón á arqueoloxía galega exclusivamente, e foi el o que me orientou sobre o que se podía facer neste mundo e noutros eidos culturais. Porque don Fermín foi un dos grandes eruditos que tivo Galicia sempre.

Logo houbo outro momento importante, cando chegou a Santiago o primeiro profesor de Arqueoloxía, o profesor Balil, que ocupou a primeira praza que houbo na Universidade de Santiago, o que di moito do interese que tiña a Universidade por ese campo. Coh el deprendín moito do mundo romano, e sobor de todo, de novas técnicas e do estudio de materiais...

Tí tés traballado sobor da cultura castrexa e máis a romanización. ¿Qué froitos de máis interese tén dado o teu traballo?

Eu especialiceime na cultura castrexa e na romanización porque, por unha banda, non se pode abranguer todo, e por outra, polo influxo do Balil. Ademais, cando eu empecei había moi pouco feito, e sobor de todo, a arte e a mesma historia da conquista estab a por facer, se quitamos algúns traballos de moito mérito.

O que fixen foi estudar todas as manifestacións artísticas desde período —que logo foi a miña tesis doutoral—: toda a escultura, o mesmo en pedra que en bronce, as estelas funerarias, o mosaico... xa que todo isto é moi importante, porque a traveso do seu análisis podese ver a que tipo de xente ian destinadas as pezas. No caso dos mosaicos por exemplo, na implica a existencia de grandes centros,

poderían ser as vilas, e de propietarios con posibilidades económicas elevadas, xa que era un sistema de decoración de luxo.

No caso das estelas, que eran os monumentos funerarios que se poñían nas tumbas, pódese distinguir as correntes que conflúan na elaboración da arte romana: había unha corrente culta, que era a que lle gustaba ao emperador, ao Senado, aos administrativos, e unha corrente popular que precisamente e a que se reflexa como máis achegada ao pasado inmediato, á época prerromana: a cultura castrexa. As estelas son romanas; antes aquí non se facían estelas, pro inda así, o grupo de artistas indixenas teñen unha grande herdanza do seu labor anterior.

Quérese decir que a civilización romana non barreu de todo á primitiva poboación do país...

Sí, o que se ve é que Galicia, anque esteña baixo dominio romano, gran parte da poboación sigue a conservar as suas vivencias, que son as castrexas. O feito de que aparezan as inscricións en latín nas estelas non quer decir que aqueles señores foran romanos puros nen moito menos. Esto viuño moi ben Balil nun traballo que tén comparando algúns problemas da Galicia romana coa situación actual, na que vemos que as lápidas están escritas en castelán, inda que a xente fala galego; pois ben, as estelas están escritas en latín, inda que a xente falara noutra lingua. As razóns son as mesmas ca hoxe: o latín era o idioma de prestixio, igual ca hoxe é o castelán.

O exemplo da relixión pode ser moi craro, ¿non?

Na relixión hai divindades romanas e hai divindades de eiquí, o que pasa é que ás veces veñen con nome indixena, e outras con nome romano, agachando unha divindade indixena. Por exemplo, se en todo o Imperio romano existen arredor de 25 aras adicadas aos "Lares Viales", desas 25, unhas 18 están en Galicia, o que nos indica xa que debaixo deste nome se agacha unha divindade propia, protectora dos camiños, dos viaxes ou viaxeiros, que xa é da época prerromana, que agora sigue a sobrevivir e que de pois pódese supoñer que é a que dará orixe aos cruceiros, e mesmo aos milladoiros.

Hai dúas opinións espalladas sobor do degrau de romanización da sociedade castrexa. Uns din que foi pouco, outros que moito.

O problema fundamental é o de que se entende por romanización. Aquí non se poden aplicar



XURXO FERNÁNDEZ

esquemas como por exemplo na Bética, porque é unha cousa distinta: A Bética estivo xa dende tempos recuados sometida ao influxo de varias colonizacións, a poboación alí era xa maiormente de tipo urbano, e cando chegaron os romanos, practicamente tiñan todo feito. No caso de Galicia, a poboación sempre estivo espaxada en núcleos de poboación moi pequenos, non había grandes cidades, como non as houbo nunca hastra hai moi pouco tempo. Entón, o que atoparon era poboación rural, e cunhas características moi particulares: non había entre os castros unha unidade política coma quen dis, inda que sí había unha comunidade cultural definida en todo o Noroeste peninsular, o que foi a Galicia histórica, e ademais, os romanos estaban nun medio xeográfico totalmente distinto ao deles.

O que podemos decir hoxe a partir dos coñecementos que temos, que poden variar asegún se fagan máis investigacións, é que aquí a influencia romana foi serodia-séculos III e IV — e moito máis forte no Sul de Galicia ca no Norde.

Esto que contabas da tua formación está en contradición co ensino que recibías, e hastra co xeito de ver a historia, aquel global, abstracto, de esquencer a Galicia, a historia galega...

Sí, isto é un feito. Cando eu estudiaba, non había nada na Universidade relacionado con Galicia, e se algún o facía, era

de xeito esporádico; xa que logo, a miña preocupación por Galicia non me veu da Universidade, senón de fora; cos contactos con xente coma don Fermín...

E curioso que a primeira tesis doutoral de Arqueoloxía que se fixo na Universidade, a pesares dos moitos anos que tén de existencia, fora a miña; tivo de ser unha persoa de fora, un catalán, o profesor Balil, o que puxera a andar o interese polas cousas de aquí.

Daquela, ¿como foi a evolución do traballo arqueolóxico en Galicia?

Despois da guerra, a Universidade despreocupouse de todo pola Arqueoloxía, estivo ao marxe da investigación deica o ano 68, no que veu Balil, e forzado tamén por un certo movemento que existía. O único traballo que se fixo deica entón, e con moito esforzo, foi por parte de xente que tiñan as suas profesións e que no tempo libre se adicaban a isto, coma Cuevillas, Bouza-Brei ou Taboada Chivite.

¿E cal é agora, a situación?

Pois bastante boa. A partir daquela, hai varios fitos: a revitalización da sección de Arqueoloxía e Prehistoria do I. Padre Sarmiento, xa que Bouza-Brei foi axuntando ao seu carón a xente coma González Reboredo, García Martínez ou eu mesmo ao empezarmos, e despois Carro, Vázquez Varela, fomos un pouco enfocándonos cara a Arqueoloxía.

El, co seu gran coñecemento do traballo de campo, unha gran intuición, e nós, coa formación universitaria (pouca cousa), e sobre todo o acceso a unha bibliografía pra el vedada.

Hoxe, os arqueólogos galegos estamos nesa sección de Arqueoloxía, somos uns 23, e non samente os da Universidade, senón tamén directores de museos, e todos os que andan neste, facendo un traballo colectivo enfocado de cara a Galicia sua totalidade e tamén unha laboura de conservación dese patrimonio cultural.

¿E o traballo de campo?

Ese ten moitos problemas. Hastra hai pouco escavavase moito, mesmo por xente sen coñecementos, pro agora chegamos á conclusión de deixar pasar uns dous anos sen escavar deica a publicacións dos resultados actuais. Se isto non se dá a conocer, non sirve pra nada, é un esforzo inútil. Pro hai outro problema, a conservación, ningún se preocupa de conservar os xacementos: exemplo, o castro de Baroña, que está en gran parte desfeito por uns que se adicaron a faceren moto-cross. A nosa postura diante deste é de denuncia, xa que non temos poder executivo. Agora estamos a facer un dossier con todas as novas que temos de destrución nos últimos 10 anos.

As leis non se aplican, e cartos pra conservación no hai ou seña, que é un problema político e tamen económico: mentras non exista un poder galego, un poder executivo, con fontes de financiación propias, non se resolverá o problema.

E haberá que sensibilizar á xente, ¿ou?

Sí, cómpre facer unha campaña ampla de sensibilización da xente pra que comprenda que estas cousas son suas, patrimonio cultural do seu país, que hai que conservalas e ensinalas.

¿Por qué é necesario conocer a Historia?

Home, porque toda persoa tén que coñecer o seu pasado, pra saber que características tiveron os seus devanceiros. En Galicia a xente tén de coñecer a sua Historia pra saber cómo se conformou a sua nacionalidade, que característica tén que fan que Galicia non seña unha rexión, coma din algúns, senón que seña unha nación. Calquer persoa que viva en Galicia, seña de aquí ou de fora, tén de coñecer a sua Historia, e dende logo, os galegos teñen que pasar todos por aí. Se non coñecen o pasado, non chegarán nunca a comprender ben o que é Galicia.

XULIO GAIOSO  
PEPE BARRO

¡FORA A CUOTA EMPRESARIAL!

## Lugo: peche e desaloxe

Martes, ás 11 da mañá, nos locais do Sindicato Labrego Galego, celebrouse unha asemblea á que asistiron máis de 200 representantes dos Consellos Parroquiais das Comisións Labregas, pra tratar da problemática da Cuota Empresarial da Seguridade Social Agraria, presidida pola Permanente Nacional. Nesta asemblea decidiuse se manter firmes na postura de non pagar C.E. da S.S.A. como arma máis importante na loita contra este imposto colonial; ademais, tamén se acordou esixir do Goberno Español a inmediata supresión dos espedentes de apremio; mandar cartas por parte dos afiliados ao Ministro de Sanidade e Seguridade Social esixindo a solución decontado do conflito, así como a elaboración dun escrito a presentar na Delegación da Facenda e máis no Goberno Civil, ao que se acompañaría a alternativa á Seguridade Social Agraria en Galicia. Iste escrito decidiuse que o presentara en Facenda a Permanente Nacional, que se pecharía alí en tanto o Goberno non dera unha resposta que nil se prantexaba.

Co mesmo, a Permanente Nacional dirixiuse a Facenda, onde se entrelistaron co Delegado e o Tesoureiro, aos que despois de entregarlles o escrito lles esixiron unha resposta que nil se plantexaba. Ao tempo, a Asemblea decidiu concentrarse na Rúa da Raiña en apoio dos compañeiros que naquel intre ficaba a espreita da contestación. Durante iste tempo berráronse en varias ocasións as consignas: "Nosi non somos empresarios, fora a cuota Empresarial", e "Supresión dos espedentes". Algúns dos representantes levaban pancartas alusivas ao problema, así como bandeiras das CC.LL. e do Movemento Nacional-Popular Galego.

Como se acordara na asemblea, despois dun certo tempo diante de Facenda, os presentes dirixíronse ao Goberno Civil pra facer entrega do mesmo escrito. Unha vez aí comunicoulles que o Gobernador non estaba en Lugo, en tanto que ao mesmo tempo, o delegado de Facenda manifestáballe a Permanente Nacional das CC.LL. que il viña de lle dar coñecemento ao Gobernador Civil dista situación. Máis tarde convidaron á Permanente Nacional a saír de varias veces, negándose en tanto que non tiveran resposta.

De calquer xeito ás catro da tarde chegou a Policía Armada,



Na manifestación do 77 en Lugo, contra da "Cuota".

como que os botou á forza da Delegación da Facenda.

"Diante de todo isto" declararían as Comisións Labregas (Sindicato Labrego Galego),

"estamos dispostos a utilizar todos os medios ao noso alcance

pra non permitir que iste intento do Goberno de desfacer a unión

dos labregos galegos e o noso sindicato se leve ao cabo.

## OS MILAGROS: Ao marxe do pobo

O Colexio "Os Milagros" de Baños de Molgas, do que xa tratamos cando a expulsión de cinco frades, profesores no centro, volve á actualidade. Xa daquela fixeramos unha exposición de desenrolo do conflito, da connivencia da directa do Colexio (encabezada polo pare Arturo), o Provincial dos Paúles, máis o Bispo de Ourense e o caciquismo da comarca, de cara a coutrar o rumbo galego e popular que paso a paso ía collendo o centro; tratamos tamén da manifestación de solidariedade que, convocada pola AN-PGA e as CC.LL., levaron adiante en Maceda varios centos de veciños da comarca, e das cartas de protesta que lles dirixiran á dirección da Orde dos Paúles.

Posteriormente, todo foi en sucesión. Nas eleccións municipais, os directivos do Colexio andiveron a dar mitins pola comarca en contra do Bloque e a prol da UCD. Dentro do Colexio, aparte de seguir coas expulsións dos alumnos, a faciana externa está a se poñer a xeito coa nova realidade interna: e pra acadar o perfecto



O P. Graña, cos seus alumnos, agora isto xa non pasa.

aillamento da realidade o colexio aparece cercado de aramio de pugas, a traveso do que se enxergan deambulantes cans-polícia, co que se completa o feitiño de colexio-campo de concentración. Aparte, e pra que as "persoas non gratas" recen

espulsadas, no puideran entrar, cambearon a pechadura.

E non quedou todo aí. Hai puocos días, a directiva mandou embalar os equipaxes dos represaliados, e deulles uns días pra retiralos, ou senón, tiraríanos na carreteira".

## DE RIBEIRA A PADRON Protesta motorizada

O día 1 de xulio, levouse adiante a marcha automovilística que tiña con ocada a AN-PG entre Santa Uxia de Ribeira e Padrón pra protestar polo estado da estrada que une as dúas vilas ao longo da península do Barbanza. 250 vehículos, entre camiións, motos, autobuses e coches particulares participaron na marcha, ao tempo que gran cantidade de xente nas beiras, na Poboia, Escarabote, Boiro, Targaña... manifestaba o seu acordo. Chegados a Padrón, e xa estacionados os coches no campo da Barca, saíu unha manifestación de sobre mil persoas deica a praza de Macías, on se celebrou un mitin que xuntou a unhas 1.500 persoas.

No mitin falou Manuel Otero, concellal do BN-PG en Dodro, que se referiu á loita que día tras días están a levar adiante os

nacionalistas nos axuntamentos; Manolo Vidal, concellal do Bloque en Ribeira, fixo unha exposición relativa ao estado da carreteira, esixindo urxentes medidas ao respecto; pra pechar o acto Agustín Pérez Caruncho, responsable da AN-PG na zona das Rías e membro da Dirección Nacional, que enlazou o problema coa situación xeral das comunicacións en Galicia, "froitto", dixo, "da explotación colonial que sufrimos os galegos".

Tanto na marcha coma no mitin final, fixéronse alusións ás Bases Constitucionais como solución aos problemas que sofre Galicia, e un chamamento á participación no próximo Día da Patria Galega aos actos convocados polo Bloque "contra da Autonomía Colonial".

**IDIOMA GALEGO  
IDIOMA OFICIAL**

**PROGRAMA PRA MILLORAR  
O NOSO IDIOMA, POLO F.C. DA  
AN-PG. MARTES E VERNES  
EN RADIO LUGO. 9 DA NOITE**



# O "PLAN ENERGETICO NACIONAL" E AS CENTRAIS NUCLEARES

A política enerxética do goberno que vai rexer deica o ano 1987 está desenrolada no chamado "Plan Energético Nacional", que se aprobou no Parlamento hai apenas meses. Si algo se pode sobrancear dos, case inesistentes, debates que se produciron é que ningún grupo político con representación parlamentaria lle dixo "non ao programa nuclear español contemplado dentro do "Plan Energético Nacional".

Non deixa de ser curioso e á vez clarificador que ises grupos políticos coinciden cos proxectos dos monopolios españois de electricidade, pois mesmo dentro do "Plan" se reconece que o programa enerxético está feito en función dos seus intereses: "El programa nuclear español ha sido abordado hasta la fecha sobre la base de criterios casi exclusivamente técnicos, siendo en la práctica el resultado de los diferentes proyectos presentados por las empresas eléctricas". (7.6).

AS previsións fixan no ano 1987 unha potencia nuclear en servizo comercial do orden de 10.500 M. Hoxe unicamente están en servizo 3 centrais nucleares que a súa potencia en conxunto é de 995 MW (Braña-460 MW, Cabrera-160 MW e Vendellos-1-375 MW). Pra que se podan cumprir os proxectos do "Plan" tenian que empezar a funcionar as 7 centrais nucleares que hoxe se atopan en construción (Almaraz I-II 1.860 MW, Ascó I-II 1.860 MW, Lemoniz I-II 1.860 MW, e Cofrentes 975 MW), pero como a potencia total delas non suma máis ca 6.555 MW, aínda terían que construír polo menos 3 novas centrais pra poder completar o potencial eléctrico dos 10.500 MW. Ista tres novas centrais escolleríanse entre oito que xa teñen autorización previa, dentro das que se atopa a central nuclear de Xove.

Vexamos a continuación algunhas xustificacións que se fan ao longo do proxecto de política enerxética nuclear:

1.— "La reducción progresiva de la preponderancia energética del petróleo y por lo tanto del grado de dependencia exterior a lo largo de la próxima década...". Cando se escolle a enerxía nuclear, como fonte prioritaria de enerxía eléctrica como se fai neste caso, a preponderancia recai nela, pois no ano 1987 a xeneración de electricidade por medio das centrais nucleares no Estado español será de 37,7 por cen, pasando con moito a outras fontes de enerxía coma petróleo (10,7 por 100), hidráulica (23,8 por 100) etc. Supoñendo, ademais a enerxía nuclear o 14,8 por cen do total de enerxía primaria; é así, o petróleo deixa paso ás nucleares como principal fonte de enerxía. Con relación ao grao de dependencia exterior, ista seguirá, pois toda a tecnoloxía nuclear dende o arriquecemento do Uranio, a fabricación dos reactores, plantas de reprocesado... etc. topase fora do Estado español e anque teñamos en conta



que o "Plan" preve unha gran inversión nalgunhas fases do ciclo nuclear isto nen é inmediato nen se podrá de depender nunha gran cantidade de aspectos relacionados directa ou indirectamente coa enerxía nuclear; esto quere decir que a independencia tecnolóxica de que se fala no programa con respecto os Estados Unidos é e seguirá sendo unha falacia.

2.— "La adopción de la energía nuclear ha sido prácticamente general entre los países con un cierto grado de desarrollo industrial". Pretender xustificar a necesidade da enerxía nuclear con argumentos con tan pouco peso como o anterior, non deixa de ser un mimetismo trasnoitado e cauco, que serve a uns intereses determinados pero aínda considerando ista xustificación, atopamos que os países da Comunidade Económica Europea (CEE) teñen previsto pra o ano 1985 unha instalación nuclear que supoña o 34,1 por cen da

xeneración total de enerxía eléctrica, pasando esa cantidade o Estado español, (37,7 por 100). O único que nos demostra con iste argumento o Goberno español é que non ten política enerxética propia senón política enerxética mimética, e ademais, imposta polas multinacionais eléctricas que espallan a súa área de influencia en todo o mundo capitalista. Hai outros países con desenrolo industrial que non pertencen a área capitalista que, nembargantes teñen unha planificación enerxética que aínda que contempla a enerxía nuclear faino dunha forma máis cautelosa e a base de pequenos reactores (2 ou 300 MW) pero máis que por razóns económicas, por razóns estratéxicas.

3.— "Coordinación de la programación y abastecimiento energético con las necesidades de la defensa nacional". E así como se relaciona un programa económico cun programa de "defensa nacional", pos si alguén pensaba que as decisións económicas non tiñan nada que ver con fins político-militares determinados. No fondo do programa nuclear está a busca dun elemento radioactivo que somente se produce nas centrais nucleares é o Plutonio-239, tén un alto valor estratéxico, pois con il fabricanse as bombas atómicas; esta é a razón pola países que contan con outras fontes de enerxía abundas pra se fornece, aínda así instalan as centrais nucleares como Irán, India... etc. O goberno español tén obxetivos semellantes cando pretende levar adiante un esautivo programa nuclear.

4.— "Para una producción de 61.000 millones de kilovatios/h. que es la que se prevé obtener en 1987 de origen nuclear, sería necesario gastar actualmente 1.300 millones de dólares de 1977, si la totalidad de esa energía se obtuviese por vía del fuel-oil, frente a 420 millones de dólares por vía nuclear a los precios actuales". O dilema non está prantexado nen moito menos entre enerxía nuclear e de fuel-oil como parece que se quer facer ven; ademais no proxecto apenas se menciona os 300.000 millóns de pts. de inversión no 1ero. cuatrenio soro pra financiar o programa nuclear. Con relación aos gastos, ¿quen pode asegurar de que os Estados Unidos non vaian subir os precios dos produtos relacionados coas nucleares? Nistes últimos anos subiron en cantidades importantes os precios de arriquecemento, reciclaxe... etc. non sería raro que despois da instalación das nucleares o Uranio, materiais de mantimento... etc. tivesen subas tanto ou mais importantes como as do petróleo.

5.— "... Se acepta un riesgo ecológico similar al que han aceptado otros países y menor en todo caso al riesgo que se derivaría de quemar carbón o fuel-oil, cuyo efecto sobre el medio ambiente sería notablemente superior al de la energía nuclear".

## historias de esmagados

X. MARIN





O perfil de "algodón" que vemos arredor desta man normal é a aura de bioplasma, enerxía electromagnética que emana do corpo en diferentes cores e intensidade según o estado emocional ou físico do individuo.



Dedo (da mesma persoa) en estado de relaxación baixo inducción hipnótica en primeiro grado. A aura espallouse e tornouse un chisco amarela.

Pola contra, un fica abraiado cando, dende o televexo, un tal Uri Geller pon a andar relós e dobra culleres —dende o televexo non nos din que antes destas esibicións traballou pra o Goberno de Israel na inxel laboura de desviar coetes por medio da mente e que o chimparon por non o conseguir—. Un colle certa inquietudanza cando le que o cadavre de Eufemiano Fuentes, o empresario canario dos tabacos, foi localizado cos servicios dun parapsicólogo, Puig Arnau, ao traveso da Radiestesia —por exemplo, cun péndulo e sobre un mapa, despois de ter visto unha fotografía do que se está a procurar, cando o péndulo empece a dare voltas e voltas é boa sinal procedemento utilizado, asemade, pola policía española pra sabere onde estaban secuestrados Oriol e Villaescusa a fins do ano 1976, segundo rumores insistentes.

A desinformación non remata nunca en casos aillados. Tamén podemos afirmar que unha manifestación parapsicolóxica, a telepatía, ten importantes aplicacións bélicas e militares baixo o eufemismo de "biocomunicación", que a NASA chegou a experimentar a reprodución da "sábana santa" de Turín pra conseguir unha impresión parella á do corpo de Xesús sobre lo lenxo; que George Kreskin, practicante, nos USA, a hipnotización colectiva ao través da TV e mesmo que chegou a usar as súas facultades, por razóns comercialistas fundamentalmente, en programas de propaganda electoral en Inglaterra; que un conocido parapsicólogo grego, Tanagras, é inspector de policía; que dous holandeses —Peter Hurkos e Croisset— colaboran con ela... que o Goberno español conta, en segredo, coa súa Comisión pra asuntos desta caste....

E fora do escurantismo interesado, moitos fenómenos que de primeiras abraían —a levitación, mover obxectos sen tocales...— teñen unha sinxela

explicación física; e moitos outros estrasensoriais —telepatía, videntes...— están a ser analizados con rigormáis axustado posible. Como sinxela referencia, apuntamos que eses moitos menciñeiros que se moven polo noso país, usando como única ferramenta as súas mans, entrarían dentro do campo dos "Curandeiros magnéticos", que fan saltar enerxía das súas mans ou do seu corpo cara o do doente, e ao intervir sobre da aura deste prodúcenlle efectos benéficos; na aura ou corpo etérico, un perfil de enerxía estática que recobre o perfil físico e do que ofrecemos mostras fotográficas.

### FAGO CHE CREER QUE SON UN BONECO E...


Se empezamos pola hipnosis, "oficialmente dise que non fará nada que vaia contra a vontade ou a moral do hipnotizado —comenta Xavier Alonso, director do Ce2tro de Investigacións Psicobiológicas, o primeiro que legalmente existe en Galicia, promovido economicamente por tres personas da "élite" viguesa e que conta con 38 socios na actualidade entre eles o secretario do Gobernador. Eu investiguei neste campo e podo decir que é mentira. Cunha técnica axeitada poden facerse, porque a vontade é tamén relativa. Vexamos: hipnotízote e dígoche directamente "tés que matarme". Non o fas. Pero, se tamén por hipnosis che fago creer que son un boneco e que o coitelo é de plástico, "crava que non vai pasar nada", tí, sen saber a acción que desenrolas, desenrolas o que o hipnotizador quería. En Holanda houbo dous asesinatos por medio da hipnosis, houbo suicidios, pero poucos teñen valor pra decírlas. Estamos nun terceiro piso e eu dígoche: "aí hai unha pía, téis calor, tiráte".

Titírate pola fiestra e vas contra o chan. ¿Quién me vai decir que a matei? A xente dirá

"suicidouse" Daí ven tamén o medo á hipnosis e a necesidade da súa regulación social e institucional".

A hipnosis é unha técnica que se utiliza pra facer entrar a alguén nun estado de conciencia especial, e maniféstase en tres degraus: superficial —péchanse as pálpebras ao traveso dunha restrá de estímulos ópticos, acústicos, verbais—, hai despois un degrau medio ou catalético, onde o individuo vai perdendo noción do que o arrodea, e logo un degrau profundo, sonambólico, onde perde norde de todo, a

**Francisco Xavier Alonso téis encomendado localizar, por radiestesia, un can de raza estraviado... director do Centro Vigüés, agoiraron o seu pasamento varios colegas entre os anos 2004 e 2008...**



Se un vai observando repetidamente que aquíl cadro se moveu ao entrar na habitación, que as portas se abren... aparecen notas coa letra dun sen que recordes telas escrito, se eses sonambulo, se adoitas pensar nunha persoa e nise intre aparece... ben pudiera ser que telas desenrolado certas capacidades pouco usuais, anque non "misteriosas" nen sen explicación racional a maior parte dos casos, capacidades que nalgunhas sociedades, e dacordo coa propia cultura, chegan, daigún xeito, a se colectivizar e formar parte da memoria dun país, do que se adoita chamar tradición. A posibilidade de que che boten o "mal de ollo", os milleiros de "endemoinados" que de bran e inverno se achegan ao Santo pra se tranquilizar, a "Santa Compañía", os contos de aparecidos e mesmo de comunicación polo pensamento con xentes que andan lonxe, por exemplo na emigración, son feitos aceptados popularmente, reconocidos, e diante dos que calqueira tentativa de investigación lóxica semella bulreira.

## PARAPSIKOLOXIA

# DE COSTAS AS SANTOS E EN NOME DA CIEC

amnesia e total e tanse felizmente hastra operacións quirúrxicas. Neste aspecto é máis conocida a Sofroloxía, que se basea en que o individuo tome conciencia das propias cualidades. En principio, inda que calqueira pode responder á hipnosis ou á sofronización, na práctica non é así —uns din que

no 99 por cen dos casos, outros que no 60— pero o que si e certo é que é unha terapéutica avanzada pra descubrir síntomas psicolóxicos e mesmo físicos.

### VER NA DISTANCIA, DETECTAR NA MENTE...

Xa no caso da Parapsicoloxía, pódese definir como a ciencia que estudia fenómenos que non son aceptados polas ciencias tradicionais —física, bioloxía, medicina...— porque non se conoce a súa causa, a súa xenesis, ou porque teñen unha explicación que chouta fora do cortesto da ciencia oficial nun senso xeral. Aínda así, e ao marxe de que no Estado español priven as escolas americanas, é na URSS onde o desenvolvemento parapsicolóxico é maior. Compre aseimade suliñar a atención académica e de divulgación realizada noutros países de Europa.

Neste eido entran o que todos conócemos por videntes, e que nunha terminoloxía máis estricte se anomean Mediums, persoas dotadas de facultades estrasensoriais, que non están suxetas nen polo tempo nen polo espacio, persoas capaces de ver na distancia sen que inflúa o medio físico, mesmo de detectar a mente doutra persoa, capaces de verificar feitos que non sucederon —ver o efecto antes que a causa—, persoas que, en fin, poden ver realidades (a mente tamén é unha realidade) ou feitos que as outras non poden por falla de capacidade ou por non evolucionar máis ou menos nun aspecto biolóxico ou psicolóxico e que, en certa maneira, poderíamos comparar a un televexo que de súpeto, como adoita pasar, recolle unha imaxe "perdida" emitida hai tempo.



Agora dous dedos baixo estado de ácido lisérxico (LSD) coa aura moito máis grande e cun borde encarnado.



"Efecto fantasma": córtase un cacho de folla pero a enerxía recubre a parte ausente. Chámase memoria atérica.



Felicia Mentor morreu e enterrárona. Trinta anos despois, o seu corpo apareceu andando —con enerxía motriz— e un equipo comprobou que estaba morta. E a única foto que hai dun "zombie", un morto-vivinte.

se o desenrolamos un 3, as persoas farían "milagros". Kreskin, por exemplo, en USA, fai curacións físicas, inmoviliza, fai telepatía... lémbrome dun alemán ou un húngaro, non sei, que era capaz de confundir a calqueira mandandolle unha orde telepática de que era Stalin, deu entrada no Kremlin facéndose pasar por Stalin... a guarda saudou... Eso sí, os oficiais son máis difíciles de suxestionar porque teñen costume de mandar. E máis doado en tempo de guerra, que xa sinten necesidade de deixarse, por exemplo, hipnotizar... a xente prefere ser embaucada que ter explicación de moitos feitos da influencia da mente sobre da materia. Hai tres meses tivemos noticia de que na parte de Lugo viron a Santa Compañía e imoslle adicar todo o vran a investigar sobre as lendas galegas, neste caso, se se trata de **alucinación** (suxestión por tradición) ou **aparición** (catalizar unha cras de enerxía e materializala nunha imaxe real); podería darse o caso de proxeitar as propias imaxes, como unha nena inglesa que reproducía fadas e a xente tamén as vía".

Restaría aínda señalar milleiros de cousas —por caso, as que se relacionan coa psicometría, que en contacto cun obxecto (relo, zapato, pano) se saiba algo da persoa que tamén estivo en contacto con el (nunha proba en Vigo, alguén en contacto cunha pañoleta dunha señora morta hai tres meses contestou "síntome mal, vexo escuro, estase a descompoñer"—, e tamén que as grandes **mediums** son, no seu 80 por cen, analfabetas, solteiras, mulleres... factores que parez axudan (polos condicionantes culturais, sociais) a esteriorizar facultades estensoriais. E dicir, que facer aparecer imaxes —nas célebres sesións de espiritismo, cun velador que somente ten valor tradicional a mediun, por telepatía, recollería a que un de nós lle desemos e catalizaría o corpo etérico desa persoa materializándoo— é verificable

pero que predecir o futuro, a cartomancia, baséase máis na interpretación de deseyos que lle transmitimos á botadora telepáticamente e que ela simbólicamente nos vai adiantando e predispoñendo pra os cumprir.

#### CADA UN DE NOS DOBLA CULLERES

"Non é certo que a mente de Uri Geller dobre as culleres, senón que é unha facultade que téñen cada persoa, un poder especial que se chama telequinesis —a hipnosis é capaz de activalo, tamén a fascinación—, é unha facultade física, non estrasensorial, capaz de catalizarse, de activarse, a traveso doutra persoa. Telexía, o corpo ten unha enerxía que se manifesta, capaz de interaccionarse cos metais e dislocalos, está demostrado por medio de películas infraoxas, pero ¿por qué se nega? porque non se reproduce a vontade, senón este fenómeno sería natural e non parasicolóxico... Despois veñen os fraudes... unha rapaza chamoume deíndo que a súa mente influía sobre a materia, que movía obxectos a distancia. Fun á súa casa, levaba un vestido longo —xa non me convenceu porque en parasicoloxía compre ser rigoroso nese aspecto. Pasaba a man a 15 centímetros dos cigarros e movíanse. A miña carteira caíu no chan. Caíron libros dunha estantería (curiosamente todos de política)... mandeina cambear de habitación, os cigarros seguíanse a mover, non tanto, e díxenlle que pasase polo Centro pero non veu... ¿técnicas de fraude? fíos, imáns, electroimáns, desniveles imperceptibles..."

E ademais, compre que saibamos que a levitación —a suspensión do corpo por telexía— é tamén un fenómeno físico, unha transformación de enerxía do noso organismo, que forma unha sustancia que se chama ectoplasma: entón, dos pés saen dous raios cara abaixo e

á altura do peito, que fan coma unha palanca —están fotografados— e un perde peso, peso que despois voive recuperar... ou que atravesar a carne cunha agulla é sinxelo porque unhas

partes do corpo son menos sensibles á dor, teñen unha menor conexión nervosa e cun mínimo de concentración xa está a agulla de lado a lado...

M. PRIETO.

## Algunhas notas do libro "Supersticiones de Galicia", de Jesús Rodríguez López

"A Compañía é a reunión de ánimas do Purgatorio pra un fin determinado. As doce da noite érguense os difuntos, saen en procesión pola porta principal, unha persoa viva vai dediante coa cruz e o caldeiro de auga bendita, e non pode, baixo ningún pretexto, volver a cabeza. Cada difunto leva unha luz que non se ve, pro síntese craramente o cheiro da cera que arde. A comitiva tampouco se ve, pro síntese o airiño que produz ao seu paso. O desgraciado director somente pode ceibarse de tan tétrica tarefa atopando outra persoa e entregándolle a cruz e máis o caldeiro, denantes de que faga un circo na terra, co cal queda ceibe de dirixir a compañía. Estas procesións adoitan rematar fronte á casa dun veciño, anunciando a súa morte ao tirar pedras no seu tellado".

"A campá parara de tocar; os mortos camiñaban por a súa conta rondando por camiños e cruceiros, á caza dalgún desgraciado trasnoitador a quen lle reclamara sufraxios, oracións e responsos pra obter misericordia na súa vida de Purgatorio ou axuda pra atravesar as infranqueables portas do Averno: todo así o facía supoñer ao ollar como a chama do fogar, sen que ningún a abanease, apagábase de súpeto e voltaba logo alumear fortemente a cociña, e os potes e olas fervían poderosamente ás veces e ficaban nun silencio sepulcral outras" (de Ubaldo A. Insúa: "Supersticiones galegas").

"En moitos sitios da provincia de Lugo é pecado barrer a casa de noite,

porque se lle dá pra atrás ás ánimas, impedindo que se quenten no lume"... "Os fantasmas, que nalgúns sitios chámense "xas", van aos muiños meterse coa xente, ás facendas roubar a froita e ás cortes munguir ás vacas".

"Consiste a creencia no mal de ollo en supoñer que o home, coa axuda ou intervención do demo, é capaz de producir males materiais por a influencia da súa ollada sobor do individuo, sobre dos animais e aínda sobre a facenda... E indubidable que a alma faillle elaborar á célula nerviosa cerebral un fluído que sale polos ollos con vibracións máis ou menos intensas, asegún o cerebro que as prou, e as ondulacións chegan, por ise motivo, a maior ou menor distancia, puidendo sentirse por outros ollos receptores, e aínda é posible que outro cerebro as reciba, anque con menor intensidade, tendo o individuo as pálpebras pechadas".

"A suxestión a distancia coa mirada, acompañada ou non de verbas e acenos, é cousa resolta e comprobada como fenómeno natural e fisiolóxico".

"O noso corpo está sempre arodeado dunha electricidade especial a cada individuo, que é a que fai aparecer distinta a cor do home sano. E moi normal a observación de que se un se senta no asento que deixa outro, parece máis quente e, as veces, a caste da calor que deixa resulta inaturable. Pois o calórico téñen os mesmos degraus; o que o diferencia é o dinamismo ou a electricidade que o modifica. E é moi posible que cando o can busca o rastro do amo, non seña por as moléculas olorosas, senon por algo eléctrico ou dinámico que as diferencia.

## A MEMORIA DE LUIS SEOANE

### PEQUENO HOMAXE A UN GRAN HOME

Non é xa soidade discreta e sedosa  
a que agarima o avolto manancial dos osos  
nin os lenzos como seos amarelos  
repousan na señardade da herba  
o misterio das veas azules  
que poboan a ollada fría dos paxaros  
é coma unha ferida torpe e seca  
coma unha floración de gretas e de labres  
xa se sabe arteiras escumas cooreadas  
é máis querida a sorrisa  
que os leitos cheos de libertade  
o mar xa non escomenza cada mañán  
o seu ritmo de ondas como coitelos acesos  
váise apagando a memoria  
é tórñase suor  
o tempo da praia de areas loiras  
o sumiso estigma da despedida  
xa non verque as suas máis inqedas e temidas

palabras

e o que queda son labres ollos coma  
escentileos de ladinos pesares  
é penoso recoñecer que o camiña  
remontase tácitamente coma unha mesta redondez  
tal é o caso do mañán empezoñado  
por vaos sentimentos de ternura  
marmurío de claveles sereos e difusos  
desexos traspassados polo sangue  
brancas soidades do outono  
probablemente non se pode respirar coma si non


pasara nada

como si o bronce a terra o vento e os cabelos  
tiveran que confundirse coa sombra das mans  
a mancha quente do vran  
e o gris da choiva nas pestanas  
coma si a cera a tristura  
axexase detrás do silencio  
limpo látigo do mencer.

XOSE MARIA COSTA



## ¿QUEN QUEIMA OS MONTES?



O Estado español tén un total de 11.792.538 Ha de arboreda, ou seña, un 23 por 100 do seu chan; pro estos números serían a metade se faláramos de arbres autóctonos e naturais, xa que os demais son plantacións feitas polo home e xeralmente de especies orixinarias doutros continentes. Desque un esguiro podía ir dende Gibraltar ao Cntábrico sen baixar dos arbres, pasaron moitas cousas e durante a era cristiãna as arboredas de Europa baixaron un 80 por 100. Os datos do ICONA (1977) pras nosas catro provincias son os seguintes prá superficie de arboredas e volume de madeira aproveitable respectivamente: A Cruxa (355.774 Ha; 18.817.739 m3), Lugo (328.164 Ha; 10.519.691 m3), Ourense (244.143 Ha; 9.073.649 m3), e Pontevedra (201.280 Ha; 13.082.831 m3), non sendo os primeiros en superficie de arboredas, pro sí dos primeiros en m3 de madeira aproveitable. As especies de arbres máis abundosas entre nós, e que forman boscos importantes, son a Piñeiro resineiro (pinus pinaster), chamado piñeiro do país, oriundo do Mediterráneo Occidental, e é que a maioría das masas forestales galegas son artificiais; b) Piñeiro insigne (pinus Radiata) oriundo de Bahía de Monterrey e de California e introducido principalmente en Asturias, Cantabria, País Basco e Galicia; c) Azcolito, oriundo de Australia e New Zealand e introducido nalgunhas provincias, pro sendo a produción galega máis da metade do total do Estado; d) Carballo (quercus robur), arbre autóctona; e Castiñeiro (castanea sativa), tamén autóctono. O cadro amósanos o volume en m3 madeirables das principais especies, así como o posto. (\*) que ocupan a nivel estatal.

Veleiquí o herdo "bendita" repoboación forestal, plantando indiscriminadamente arbres esóticas de crecemento rápido, de xeito que esos 5.689 m3 de alcolitos encheran as contaminantes industrias de celulosa, como a Celulosa de Pontevedra e máis as que queren poñer en Ourense, Fazouro, Dodro, Rois, Ponteceso, etc. Os caciques ó único que queren é ter o bandullo cheo e non se preocupan de que esas arbres esnaquizan o medio ambiente, eliminan a fauna, chuchan a auga e, enfin, erosionan o chan facéndoo inservible despois dunhas ducias de anos, ademais de poderse converter en especies competidoras das xa esistentes (o que xa se tén comprobado en centos de casos cando se introduciu unha especie vexetal ou animal nun sitio onde non era orixinaria, acabando ou poñendo en perigo especies autóctonas). Ben sabido é que nin o lume acaba cos alcolitos, que ao pouco tempo empezan a xurdir con máis forza.

Hai uns centos de anos, as arbres que había en Galicia eran "frondosas": carballos, castaños, bidueiros, avelaneiras, salgueros, ameneiros, etc. Estas especies son as axeitadas pra Galicia, xa que arrequecen o chan, dan acobillo e comida a unha moitedume de animais e, entre outras razóns, ocupan un lugar importantísimo no biotopo galego. Tanto piñeiros como alcolitos trouxeronos a Galicia eclesiásticos; os primeiros los benedictinos, e os segundos, a fins do século XIX, Frai Rosendo

Salvado, home nacido en Tui e que predicou a fé cristiãna en Oceanía.

O lume acabou en 1978 con 290.000 Ha., superficie meirande que algunha provincia do Estado. Vexamos como nos afectou, con datos provisionais do ICONA dende Xaneiro a Outono do 1978, tanto en núm. de queimas como de Ha queimadas: Pontevedra (1.094; 16.708 Ha), a Coruña (587; 8.062 Ha), Lugo 335; 13.500 Ha) e Ourense (253; 12.548 Ha). Ocupamos os catro primeiros postos, no orde dado, no núm. de queimas, sendo 2.269 dun total de 5.275 en todo o Estado e de 270.468 Ha queimadas, 51.358 foron en Galicia. Hai que sobrancear que en Azada e Nagarroa non houbo queima ningunha.

Despois dun inverno con moitas e fortes chuvias que asulagaron Galicia, e sen perigo de lume hastra chegaren as primeiras calores, pensemos un pouco quen lles prendeu o lume aos montes galegos dende Ourense a costa luguesa e dende o Barbanza ao Caurel. Porque, asegún os entendidos, máis do 70 por 100 das queimas son intencionadas. Anque eu non son investigador privado nen tampouco fixen ningunha encuesta e vou espoñer algunha das posibles razóns, que son as máis comentadas e tamén as máis verosímiles: a) Os madeireiros ou industriais de madeira, que pagan catro patacóns polo queimado, xa que "se non se vende, non vai gañar (o dono) ren porque apodrece axiña". b) Os labregos e gandeiros, que antes tiñan moita herba onde manter as ovelas e vacas no monte, e hoxe samente poden comer picóns ou follas de arcolito. c) Os que pensan que os piñeiros e arcolitos non deben estar na nosa terra, e á única maneira de acabar con eles é co lume. d) Os cazadores, que desque chegou a repoboación acabou co coello, co perdiz e non digamos coa lebre, plantando arbres estranxeiras e tan vastas. Tamén os que tiñan antes o monte libre, e agora coutado, non poden cazar, e os que tiran cigarros sen apagar. f) Os lumes pra queimar silveiras nos arrós e nas estremas das leiras e que non se vixilan ben. g) Os que fan lume pra comer e marchan sen ben apagálo.

Estas e algunha máis poden ser as causas da destrucción do monte, da Natureza en definitiva. Pro, por poderosas que podan ser nun intre dado, non son razóns pra queimar unha riqueza que é de todos, e poñer en perigo vidas humans. O bosco tén unha enorme importancia prá vida, incluída a nosa; é produtor de osíxeno, nun mundo tan necesitado del debido á continuación industrial; é alimento e acogillo pra moitísimos animais, sen os que parecería un deserto e todos seríamos máis probes: é creador do chan e impide a erosión, que leva ao fondo dos mares milleiros de Tm. de materia orgánica; é, en fin, produtor dunha gran riqueza, a madeira e os seus subproductos e froitos pra coñer o gando e as persoas. Non podemos vivir de lombo pra Natureza, temos que estar ligados a ela e rexernos polas suas leis, xa que acabando con ela matámonos nós mesmos.

ANTONIO PIÑEIRO SEAGE

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	Total estatal
P. do país	1. 13.284	8. 3.628	5. 5.531	2. 8.431	30.874	73.026
P. insigne	5. 650	7. 417		9. 176	1.243	13.732
Alcolito	1. 3.045	6. 654		2. 1.990	5.689	9.477
Carballo	7. 1.013	4. 1.715	8. 710	6. 1.144	4.582	14.836
Castaño	8. 162	2. 1.744	3. 873		2.779	7.578

# O DEBATE DO ESTATUTO

MAIALDE ocasión, complementa a acción do partido do goberno.

Este lunes, 2 de Xulio, escomezaban en Madrid os debates sobor do Estatuto de autonomía elaborado polos parlamentarios bascos en Gernika o pasado mes de Nadal. Estes debates, que teñen dous meses de duración como tempo límite, contan ca con cincuenta enmiendas, fundamentalmente da UCD, CD, figurando asemade as presentadas polo líder da URN, e Por Blas Piñar.

No fondo de todo esto aparece a actual Constitución, rexeitada maioritariamente polo pobo basco, e coa cal, din rozan algúns puntos do Estatuto de Guernika. UCD parece disposta a repetir os erros que lle costaron a abstención do PNV no referéndum constitucional; os outros partidos estatáis, como o PC e o PSOE, non parecen quer repetir situacións históricas, como na pre-guerra, e aillarse aínda máis das clases populares bascas.

A outra forza parlamentaria participante na negociación, Euskadiko Eskerra, non estaría disposta, según declaraba o deputado José María Bandrés no 1 Congreso de EIA, a rebaxar ningún punto do actual proxecto de Estatuto. Pola parte de Herri Batasuna o feito da constitución do Euskal Herriko Batzarre Nazionala (Asamblea Nacional do Pobo Basco), e a escolla dun comité de trinta e dúas persoas que dinamice a discusión do seu Proieito de Estatuto, mantén afastada a esta coalición da dinámica dos partidarios do Estatuto de Guernika.

En definitiva, outras vez o pobo basco e a política gubernamental están de actualidade. Sempre queda a posibilidade dun acordo entre Suárez e o PNV, aínda que esto podería provocar novos enfrontamentos entre o PNV e outros partidarios do Estatuto de Gernika. UCD, coa Constitución na man, parece disposta a non deixar colar este Estatuto. Por eso, o novo lerrouxismo, vía PSA nesta

## ARREQUENTAN AS MEDIDAS POLICIAIS

Novos factores viñeron a endurecer a actual situación. Así, as detencións en territorio francés, de dous militantes do GRAPO en París e dun refuxiado (pertencente a ETA-militar) en Baiona, nun conxunto de medidas legais e ordes de detención contra dos refuxiados, favorece a actual dinámica de enfrontamentos co aparato do Estado e, xa que logo, a súa represión. ETA (militar), nun comunicado difundido días pasados, recordáballe ao Estado Francés, o perigo que corren os franceses que vaian vranear a Euskadi.

Este arrequentamento das medidas policiais, non é semente no Estado Francés, como mostra o auxe das torturas, as ameazas de morte caso de denuncias, as detencións arbitrarias —entre outras dos directivos de periódico Egin— e a aplicación distemática da Lei Antiterrorista á maioría dos detidos. O recén decreto-lei da policía autónoma non axuda nada, sen estes puntos e outros relativos ao

“orden público”. De feito, a creación dunha policía a nivel provincial ou de comunidade autónoma, con capacidade de actuación, non sendo no relativo á “seguridade do Estado”, non aclara en absoluto os límites das forzas armadas, policiais e doutro tipo en Euskadi.

Nesta dinámica de acción-reacción-presión-represión, e de loita polo autogoberno, reapareceu e ETA político-militar, coa campaña a prol do Estatuto de

Gernika, que enlaza coas accións da Costa del Sol, arredor do lema “Polo Estatuto de Gernika” e “Presos á casa”, que vencellaría a esta organización a unha certa política.

# Noticia da semá: Os coletazos autonómicos

JOSE LUIS BLANCO  
Madrid

Despois de se negociaren os artigos da Constitución española de xeito furibundo, como acreditou no seu momento un desaforado consenso, comenzaron as negociacións do Estatuto basco pola ponencia correspondente, integrada por 13 membros da chamada Comisión Constitucional e outros 13 designados pola Asamblea de Parlamentarios Bascos, en tanto que o Estatuto de Autonomía da terceira nación Galicia, se ve admitido pola mesa do Congreso. Estes tensos debates arredor do Estatuto basco son o anticipo do que vai acontecer co Estatuto catalán e máis co galego. O propio Tarradellas viaxou aquí dende Barcelona pra atopar a un Suárez, según dixo “coma sempre”; en definitiva, reforzar a presenza catalana pra dar a entender que Catalunya quer tamén entrar a negociar deseñada o seu Estatuto. Tarradellas foi, curiosamente, o único presidente de goberno preautonómico que non se reelexiu despois das últimas eleccións, o que non dexa de ser significativo. Ou ben presta bos servicios ou é que non se considera axeitado trocalo de lugar, aínda que, certamente, no Real Decreto de Reinstauración da Generalitat non se prevía a reelección do cargo despois das eleccións.

Este últimos “coletazos autonómicos” non deixan de crear tensións, baixo o telón de fondo dos atentados de ETA e os disturbios e atentados alén dos Pirineos, no Euskadi Norde.

Da primeira reunión de debate sobre o Estatuto basco que tivo a ponencia, ademais das frases consabidas dos distintos compoñentes das dúas Comisións (da constitucional e da basca), compre salientar que semente un sector da esquerda moi concreto e os cataláns tentan salvar o máis axiña que poidan os atrancos que en todo momento se lle están a por ao chamado “Estatuto de Gernika”.

O catalán Miquel Roca, na primeira sesión no tivo lixos na lingua pra decir, contundentemente: “Creouse un clima de irresponsabilidade por parte do partido do goberno ao denunciar como inconstitucionais os proxectos... Se alguén debe falar de anticonstitucionalidade, somos nós, pois eles non queren respetar as autonomías, definidas na Constitución”.

En calquer caso, o partido maioritario, UCD, está a facer o que lle peta, e así, na seguinte reunión, cando nos primeiros conflitos se chegou a un “impasse” (art. 10, “Sobre as competencias de Euskadi”, adoptouse a fórmula de se

remitir á propia Constitución).

## ENTRETERSE CON AUDROMENAS

Tan certo é que UCD domina o campo político das autonomías, non semente na forma en que se integraron na Constitución, senón a posteriori, nos debates e discusións previas, que farán do Parlamento unha caixa de resonancias amortecidas sen maiores problemas, que agora mesmo vén de presentar un proxecto pra financiación das

autonomías, un dos principais atrancos que presentan as negociacións do propio Estatuto basco hogano.

Mesmo algúns partidos de ámbito catalán e galego consideran unha “traición” o ver minguar as competencias delegadas ollando o anticipo no debate sobre o basco.

Saíndo do Congreso, un deputado basco marmuriou polo baixiño, aproveitando a ocasión “Listos e agudos que son estes galegos... un Estatuto que, elaborado polo partido gubernamental, aprobado pola maioría dos membros dese partido, vai ser defendido por el nas Cortes. Eso chámase aforrar traballo. Mentras que os bascos e cataláns van pelexar de patas pra riba pra que

lles dean o que dá a Constitución, que é ben pouco, os galegos encoméndalle o choio a UCD”. Total nada! ¡¡Listos e agudos digo eu! !.

Nesta andrómene da autonomía, reforzada con certos alardes de pseudo-intelectuais, como Julián Marías na FUNDES madrileña (Fundación de Estudios Sociolóxicos), clamando por lles dar o máximo contido posible ás autonomías, aínda haberá moito que ver.


Son os últimos coletazos das autonomías denunciadas polas mentes máis clarividentes das Tres nacións nos últimos tempos. Endemal, a Constitución malparida velaí, e xa está facendo as suas.



FAGA UN PEQUENO ANUNCIO NUN SEMANARIO AMIGO

A NOSA TERRA

TALLERES NOS



MECANICA DO AUTOMOVIL  
MOLINO, 47 / VERDUN  
BARCELONA

X

Keito

PONTEVEDRA  
SOPORTAIS DA FERRERIA, 4



PRA MOBLAXE  
CONSULTENOS!

ALMACENS FERNANDEZ

REZA, 15 - OURENSE

CALIDADE AO MERCAR, COMODIDADE AO PAGAR

SUBA DO PETROLEO

# Trunfaron os países "radicais"

J.J. NAVARRO/  
LLATZER MOIX

A semá pasada, houbo dos acontecementos que van influir ben tempo na economía e máis na política do mundo capitalista. Unha delas é a xuntanza da Organización dos Países Produtores e Exportadores de Petróleo en Gineve, e a outra, o Cumio (moi relacionado co anterior), de líderes dos principais Estados Industriais na capital xaponesa, Tokyo.

As dúas xuntanzas foron por motivos diferentes, e en realidade, contrapostos, pero os seus resultados están intimamente relacionados. De feito, o precio da enerxía, o seu control e máis a súa circulación polo mundo, o mesmo que actitude que toman os "países ricos" fronte á escaseza do petróleo, que ameaza con esganar ao propio sistema capitalista, van ser dúas das constantes configuradoras do panorama mundial durante os anos 80.

Gineve foi a sé da xuntanza da OPEP, que após moitas vacilacións e un forte debate interno, acordou unha suba espectacular dos precios mundiais do crudo.

Esta suba estaba xa prevista, pero a crisis do Irán (co cambé de réxime do seu goberno e o descenso da produción petrolífera) así como a escaseza de carburante nos países capitalistas desenrolados, fana especialmente dramática.

O mesmo barril de petróleo que en xunio do 73 costaba no mercado mundial 1 dólar 80 centavos, chega agora ao precio récord de 23 dólares 40 centavos, que significa un incremento do 1000 por 100 en

seis anos. Hastra a semá pasada, o precio oficial da OPEP estaba nos 18 dólares, anque esta tarifa quedaba amiude pasada en realidade, xa que moitos dos países produtores aproveitaban a escaseza do mundo capitalista en materia petrolífera para aumentar o precio dos crús en troques de incrementaren a súa produción ou centregar os pedidos máis rápido.

## OS DOUS BANDOS

Na xuntanza da OPEP detectáronse dous bandos distintos entre os países produtores. O primeiro era o dos países moderados, como o de Arabia Saudí, Kuwait ou Venezuela, que se decantaban por uns precios discretos por mor de que a escaseza e carestía de crús podían producir un colapso económico mundial que ía afectar tamén á propia organización dos países produtores, e que mesmo ía obrigar as grandes potencias capitalistas a tomaren medidas fortes, do xeito dunha intervención militar no Golfo Pérsico. Por impensables medidas que poidan parecer, argumentaban os moderados que os gobernos capitalistas non van ter outro remedio que tentalo se é que a súa industria se ve colapsada, se a súa economía non pode resistir o precio da inflación, ou se medra a desacougo entre a súa poboación por mor da escaseza do carburante.

O outro bando da OPEP era o dos países chamados "radicais", que tén de portavoces principais a Libia, Irak e algún que outro emirato do Golfo Pérsico, que os seus emires teñen simpatías esquerdistas.

Os "radicais" abogaban por un aumento drástico nos precios, e hastra por restricións na produción. Estas medidas terían como resultado a desaparición do ferreo control exercido polas compañías multinacionais sobre o mercado mundial do petróleo, así como unha máis xusta distribución da riqueza entre países "probes" e "ricos". Tal e como afirmou en Gineve o Ministro do Petróleo do emirato árabe de Katar: "Occidente ten que entender que a era da enerxía barata á costa da explotación dos países produtores xa pasou pra non voltar endexamais". As conclusións da xuntanza da OPEP indican que os países "radicais" gañaron esta

partida. O precio fixado foi o máximo, e os moderados non conseguiron máis ca introducir o matiz de que esa tarifa oficial a respeten todos os países membros.

## OS "RICOS" DEFENDENSE

Ao tempo da xuntanza de Gineve xuntáronse en Tokyo os presidentes e primeiros ministros dos sete Estados industriais máis podentes da Europa capitalista; USA, Alemaña, Xapón, Francia, Gran Bretaña, Canadá e Italia. Esta xuntanza tiña un indisimulado carácter urxente, e hastra o punto de que a nova da alza petrolífera chegou a Tokyo cando os xefes de Estado e de goberno se preparaban pra unha cea oficial co Emperador do Xapón. A decisión da OPEP, non por agardada deixou de cair coma unha bomba no cumio de Tokyo.

As intencións dos países "ricos" ao convocaren a xuntanza na capital xaponesa era de trazaren unha actuación común pra lle faceren fronte á crisis económica e anerxética pra os próximos anos. Esta estratexia debeuse converter en plan de urxencia á vista da escaseza de petróleo nos países "occidentais", maiormente nalguns puntos dos USA, e tamén pola inescusable realidade da suba de precios decretada pola OPEP, en vez de inescusable, ineludible.

O acordo de última hora acadado en Tokyo polos países industriais especifica que todos eles doutra forma ou doutra van tratar de manter as súas exportacións de petróleo ao mesmo nivel do ano pasado durante os vindeiros cinco anos, nun intento caseque desesperado de conter a inflación que xenera no sistema económico capitalista a carestía enerxética.

Pero a escadada inflacionista vai ser inevitable, como tamén o será o parello estancamento económico que van sufrir os países ricos. Somente nos USA, prevese que a recesión causada por mor da crisis enerxética vai deixar sen emprego a máis dun millón de persoas.

Se esto tén de pasar pra o país que domina en proveito propio os fíos do sistema económico capitalista pódese maxinar que o impacto vai ser aínda moito maior nos país semi-desenvolvidos ou en vías de desenrolo, vencellados sen remedio á sorte dos países capitalistas desenrolados. A suba recén da gasolina e as dificultades económicas anunciadas polo goberno español pra fins deste ano son bo indicio de que van ser os primeiros en pagar esta suba do petróleo e o golpe da OPEP aos países capitalistas. Desta volta, volta noustante, queda o triste consolo de saber que non será o Estado español o único en pagar a irracionalidade do sistema.

## O TRATADO DE PAZ EXIPCIO-ISRAELI

REGINO DAPENA

O recén tratado de paz por separado exipcio-israelí, firmado baixo o pulo, dirección e control USA, vén complicar máis a xa complexa situación no Oriente Medio. Sen entrarnos en miudezas ou pequenos detalles que se consignaran nos acordos tripartitos (Exipto, Israel e USA), resulta evidente que trunfaron as imposicións israelís en perxuicio da causa árabe. Israel e USA conseguiron o que se propoñían: o desenganche de Exipto, que era o eslabón máis forte na cadea de resistencia árabe. E certo que a situación económica de Exipto é ben mala, pro non é menos certo que tamén o é a de Israel. E así, o tratado ofrécelle a Exipto unha mínima garantía condicionada: a devolución dos territorios ocupados por Israel, pro tendo que vender á forza unha determinada cantidade do seu petróleo a Israel, e outras limitacións militares e políticas que deixan a Exipto de pés e mans atados. Pra viaxe tal escusaban de levar tales alforxas; noustante, Sadat xogou moito e moi forte nesta dubidosa operación. Gaza, o Golán e Cisjordania quedan bailando lna corda floxa, e o Pobo Palestino vese esquencido olímpicamente.

E evidente que USA e Israel se anotaron un tanto case regalado por Sadat por mor da pouca ou nula reacción dos Estados árabes no seu conxunto. Estes dan a impresión de indecisión e falla de seguridade, quedando na mera formulación de declaracións altisonantes e máis tarde, tomando medidas económicas, políticas e diplomáticas que é de supoñer que xa prevía Sadat, que obrou en todo momento con grande seguridade e firmeza.

Xa que logo, se Xordania se arrisca a seguir o exemplo de Exipto —sen contar coa insegura situación no Líbano— á causa árabe, a curto prazo, vai quedar perdida sen remedio, sen que a URSS poida mover un dedo. El é certo que a URSS non pode ser máis árabe que os propios árabes; non pode defender aos que non se queren defender, por moito que lle preocupe o conflito por estar perto das susas fronteiras e outras razóns de Estado. Esto non quer decir que o conflito árabe-israelí se deba á rivalidade das dúas superpotencias. Non hai que confundir causa e efecto; ou seña, entre petróleo e xeostratexia, entre intereses USA e xeopolítica e entre conflito árabe-israelí e o seu ronsel. Os estados que non o fagan van cair nunha trampa fatal.

Pero bueno. E de todos sabido que os USA se fan responsables do tratado exipcio-israelí; xa que logo, desprecia as resolucións da Asamblea Xeral da ONU, á Liga Árabe e máis á URSS, que era —e é— copresidente da Conferencia de Gineve pra tratar da paz no Oriente Medio. ¿É que di e fai Europa Occidental? Parece que cala e outorga. Nembargantes, o tratado tén un marcado acento político que ignora absolutamente o devir histórico universal. Algúns pensan, sen razón ningunha fundada, que todo está atado e ben atado; pero a palabra derradeira é da historia. Esta ensina que, ás veces, a vítima se converte en victimario e o victimario en vítima. O máis curioso de todo é a certa atmósfera de "acougo" que denota a Prensa, Radio e TV da Europa Occidental. ¿É que se pretende esquencer —a prol dunha disimulada ideoloxía de manual maquiavélico— que as dificultades son moitas e variadas? ¿Non se pón aos Estados árabes conservadores entre a espada e a parede? ¿Ou é que o Oriente Medio está no Continente Americano? E así, máis e máis incognitas. O resto é puro sinxelo mecanicismo económico pro-imperialista. O mesmo os israelís que os palestinos, son seres humanos. Nen mellores nen piores. Algúns que presumen de cristiáns len a Santa Biblia posta do rové.

Ningén pón tea de xuício a existencia do Estado de Israel; que ningún se opoña logo, a que o Pobo Palestino teña o seu propio estado cos territorios que lle correspondan. E un sagro dereito de reprocidade. Inda máis, reconecendo o dereito explícito e categórico á existencia do Estado israelí, pódese decir que o trazado inicial das fronteiras israelís é un coitelo cravado no corazón dos árabes, que os israelitas ou xudeos, ao longo de toda a súa historia endexamais tiveron unha Comunidade ou Nación que cos seus territorios chegara deica o golfo de Akaba, no Mar Roxo.

Pra solventar as posibilidades de éxito o conflito árabe-israelí, compriría: a) Outro novo e racional trazado de fronteiras do Estado israelí. b) Creación do Estado palestino. c) Neutalización internacinal de Israel e Estados árabes. Deste xeito, estaríase no camiño de acadar unha paz sólida e estable na zona. Israel e máis os estados árabes deberíen pensalo e facelo. Son ou non son Estados libres e soberanos? Os acordos por separado e compoñendas poden ter efectos provisionais; pero a longo prazo son fatais. O amaño debería ser pacífico e global, tendo en conta, sobre todo, aos palestinos e máis a seguridade das partes implicadas.

Así, o tratado de paz por separado exipcio-israelí, tén certa validaza parcial e temporal, pro nunca global e definitiva. As súas consecuencias a longo prazo son imprevisibles. Mesmo a prazo intermedio, se a Liga Árabe supera as contradicións internas —sen contar con Exipto— e fai de aglutinante enerxético. O que son as cousas.

## O noso yogur

Galego en xebre. Por berce e carauter. Fresco e sano coma nosa natureza. De puro leite de vacas galegas, das que soio saben de prados o aire ceibe. Yogur Rueda, natural e con froitos. Feito en Lugo por "Lácteos Rueda" ó gusto de toda Galiza. Agora, con novos envases, máis axeitados. E con meirande sabor galego na cara, que no corpo. Dende o comenzo son coma Galiza os escolle. "O noso yogur" dinnos. De galego a galegos, gracias. Enten démonos.



Os Rueda ven ten soubre.

## Rallie de Ourense

Ven de celebrarse nos días 22 e 23 de Xunio por toda comarca e arredores a XII edición do Rallie Internacional de Ourense, proba puntuable pra o "Campeonato de Galicia de Automovilismo", "Campeonato de España de Rallies", e á súa vez puntuable pra o "Campeonato de Europa" con coeficiente 1.

A proba considerada como a mellor do ano en Galicia, é a única que ten coeficiente pra o campionato de Europa. Prométiase ser interesante e así foi.

De 98 inscritos tomaron a saída 65, terminando o rallie 20 máquinas samente. A pesares de que as máquinas rodaron todas moi forte, o máis espectacular foi entre o galego Toni Fernández, piloto oficial da Casa Seat, e o Príncipe Jorge de Bagration. Beni, acompañado do seu copiloto SAbater, pilotou un Fiat 131 Abarth; e Bagration, acompañada da súa muller, Llopis, correu co seu conocido Lancia Stratos. Pois ben, como a ambos pilotos, facía falla levar os máximos puntos posibles, entablouse entre ambos un pilotaxe valente e arriscado. Beni, cunha máquina boa pero inferior cecais ao Lancia Stratos de Jorge, lúmpuxose a este, gañándolle todas contra-reló, aínda que eso si, por distancias de moi poucos segundos. Beni quedaría apeado do rallie o salirse da carreiteira nunha proba de grava; concretamente en Baresmo. Eso fixo que dende un principio se dera, aínda que merecidamente, vencedor a Bragation, ao non haber no rallie ningún piloto que lle pudiera facer sombra, nen ningún coche da potencia que el tiña.

Peitos, un piloto xóven ouren-



do do seu copiloto Oliveira e o seu Porsche Carrera, situouse nun sexto posto na xeral.

Así que moitas máquinas, moita afición, perfecta organización da Escudería Ourense, foi todo o protagonismo que tuvo esta proba puntuable pra o campionato de Europa.

A clasificación final quedou así:

- 1.- Bagration-Llopis (Lancia Stratos), Grupo 4. tempo 2-10-55 seg.
- 2.- Muñoz-Valverde Rorsche 911 SC), Grupo 4. tempo 2-18-20 seg.
- 3.- Ortiz-Cabal (Simca 1200 TI), Grupo 2. 2-18-17 seg.
- 4.- Sallent-Casanovas (Opel

pesarés de que nas últimas tres mangas se viu asaltado por unha serie de problemas na mecánica do seu coche; perda de valvulina constante, caixa de cambios en mal estado, etc. A pesares de odoos estes fallos Toni seguiu, e conseguiu nada menos que bater o madrileño iuncosa e o seu nemigo Paradela. De ter estado en competición Pío Alonso, tería sido batido tamén por Toni. Matrícula de honor pra este piloto que a pesares dos poucos medios que ten para participar en allies, pon toda a súa vontade esforzándose en facelo mellor día a día.

Gonçalves, o portugués vencedor do rallie de Tui, acompañá-



sán, veríase apeado ao embestir co seu 1800 contra un muro, Iba no posto núm. 5 na xeral.

Abandonos importantes foron tamén os de Pío Alonso, piloto oficial da Simca, Chleherc, Alvarez, ambos con Porsche Carrera e 1800 respectivamente, e tamén o de Durán, con Ford Fiesta 1.300.

Pola súa banda, Toni Diaz, un vigués con mans e pés de ouro pra pilotar calquer tipo de máquina, foi en todo o rallie un rival peligroso e a ter en conta. Pilotou un Seat 124-1800 de serie, facendo sempre uns tempos maravillosos. Toni puxo amor neste raille, conseguindo situarse en un séptimo posto a

Kadett.) Grupo 1. 21-07 seg.

5.- Sousa Soto (Seat 124-1800). Grupo 1. 2-22-01 seg.

6.- Gonçalves-Oliveira (Porsche Carrera). Grupo 4. 2-23-14 seg.

7.- Toni Diaz-Sala (124-1800). Grupo 1. 2-24-05 seg.

8.- Juncosa-Correa (Simca 1200 TI) Grupo 2. 2-25-07.

9.- Franquesa-Pinedo (124-200) Grupo 2. 2-27-22 seg.

10.- Paradela-García (124-1800.) Grupo 1. 2-28-39 seg.

XOSE LEANDRO DE ARCADE

## O Mundial-82 en Galicia

Morreu o xeneral e chegou eso que lle chaman a democracia, que foi quen recibiu iste legado.

Seguiu-se ledamente coa candidatura, xa que agora hai que lle amosar ao mundo, aos pobos que antes eran os "nosos amigos", e cos que agora se están normalizando as relacións, o bon que foi o paso da dictadura á democracia e ao modelo de transición sin rotura.

Como aínda campea nos altos taburetes da política a idea do "español defensor dos oprimidos", dos febles, de home galante por excelencia, a organización farase por todo o alto. A faciana tén que quedar ben lavada, anque por dentro este-mos cheos de miseria e borralla e os nosos rapaces non teñan un campo donde darlle unha patada a un balón. Non se reparará en gastos anque a economía vaia en capa caída. O Sr. Saporta di que se autofinanciará, e se o consegue, non sei como non o nombran ministro de economía.

Cando foi nomeado o Estado

Español como sede final do Campeonato do Mundo de 1982, os xerifaltes das distintas cidades do estado, escomezaron a traballar, ollando que era unha boa ocasión para figurar, relacionarse, facer méritos; sin pararse a pensar na rentabilidade pra os seus conciudadanos.

Na nosa nación non iban a ser menos. Así, tanto Vigo como A Coruña nomearon Presidentes pra comisión que lograra que estas cidades se viran nomeadas sedes. Fixeron proieitos, estudos, maquetas. Presentaronnos aos medios de difusión, agasallaron aos directivos, tanto españoles como fifos, e claro, foron unha e outra vez a Madrid.

Todo parece indicar que conseguiron o seu propósito. O que nunca fixeron foi analizar a súa rentabilidade social.

A rentabilidade vai ser pra uns poucos hoteles que non van correr con outros gastos máis que aquiles de "representación".

O fútbol da nosa nación non necesita promoción publicitaria,

O 29 de maio xuntouse en Madrid o Comité do Mundial 82, especie de "ente autárquico" ao estilo videliano, co gallo de escoller a "mascota" pra o dito campeonato de fútbol.

Trataron tamén, anque non deron comunicado público, da localización das sedes en que se van celebrar os partidos.

Oficialmente darán a localización das sedes o 17 de xunio, pero nos medios deportivos galegos dase como seguro a Vigo e A Coruña como sub-sedes pra primeira volta da fase final do campeonato.

A sede final para España solicitouse nun tempo no que se coidaba que todo "estaba atado e ben atado" e no que era mester facer propaganda, diante do mundo, do seu sistema político e do ben que nos iba con il.

Había que xustificarse diante dos nosos "queridísimos irmáns" e potenciar a "España diferente". Traer medios de información para que cantaran as súas escelencias.

e veremos cantos millóns dises cuarenta e cinco ou cen que hai que invertir en Vigo e na Coruña vai poñer o Comité organizador, cantos imos ter que pagar os cidadanos galegos, seían ou non afizioados o fútbol. Preguntátonse se non sería máis rentable socialmente facer tres ou catro campos pra que a xente pratique o deporte?

A rentabilidade deportiva, no tocante ao espectáculo, non está, tampouco, garantizada. Moitos dos equipos presentes no 82 vai deixar moito que desexar ao tocante a calidade. ¿Cales equipos virán xogar a Galicia? ¿Qué criterios seguirán os organizadores? ¿Marxinannos como coa selección estatal?

A contestación a estas preguntas vai ser a contestación a rentabilidade ou non de que o campionato se celebre na nosa nación. A Galicia teñen que vir seleccións como Arxentina, Brasil, Portugal... que ademais de calidade, arrastren seguidores.

PUCHEIRO

¿BUSCA A LENDA  
DUN CASTELO  
OU VENDE  
UN CABALO VELLO?

ANUNCIOS  
DE BALDE

A NOSA TERRA

FAGA UN  
PEQUENO  
ANUNCIO NUN  
SEMANARIO  
AMIGO

A NOSA TERRA

## A COMERCIALIZACION DO LEITE E A CARNE

XAN CARLOS CARREIRA

É o noso propósito analizar o proceso de comercialización de dous produtos base pra o noso agro, o leite e a carne, tendo como norte que se ben a agricultura galega se definiu como precapitalista cun excedente apropiado por mans alleas ao noso país; esta estrutura está a sufrir unha rápida destrución debido á penetración dos monopolios na agricultura galega coa conseguinte especialización da produción agraria co gallo de lle suministrar materia prima a todo o Estado español. Esta especialización é crara na gandería e o aumento de produción serve, non pra contar as deficiencias galegas, senón —como dixemos— pra esportar como materia prima. O proceso de comercialización que permite a fuxida desta produción pra que vaia pra fora de Galicia, centrándonos no leite e carne de vacuno, é o que imos espoñer.

Encetamos por ofrecer unha serie de datos xerais sobre produción no noso agro que poden facer algo "dura" e a primeira entrega pero que coidamos necesaria para situar as seguintes.

## A ESPECIALIZACION DA AGRICULTURA GALEGA (I)


A nosa agricultura conserva aínda rasgos precapitalistas, como o autoconsumo, o policultivo, o mirifundio, etc., a persistencia destes rasgos, a pesares da súa destrución acelerada, é unha das características que millor a definen, e, por exemplo, a SAU por explotación é en Galicia de 2,42 has. mostras que no Estado español é de 10,97 e nos países da CEE é de 16,6 has.

## CADRO 1

Distribución porcentual das explotacións segundo a súa dimensión.

Superficie Has.	Galicia	Estado Español
Menores de 2 Has.	47,6 por 100	37,0 por 100
Entre 2-10 Has.	42,3 por 100	31,2 por 100
Entre 10-20 Has.	7,8 por 100	10,8 por 100
Entre 20-50 Has.	1,9 por 100	7,2 por 100
De 50 e máis	0,4 por 100	4,7 por 100.

De todos os xeitos, estes datos non reflexan acertadamente a realidade. Compre ter de conta que no EE. as explotacións con menos de 2<sup>a</sup> Has —que representan o 37 por cen— son moitas delas explotacións hortícolas, verdadeiras empresas con instalacións de invernadeiros de produción, orientadas á esportación, construídas nos territorios do Levante peninsular, Sul e na nación Canaria. Do 47,69 das explotacións que en Galicia son menores de 2 Has., pódese asegurar que



prácticamente ningún se adica ao cultivo intensivo da horta. Entre as explotacións de 2 a 10 has. no resto do Estado, atópanse as froiteiras de Catalunya, País Valenciá, Murcia, etc. que producen laranxeiras, mandarianas de cara á esportación, así como moitas explotacións hortícolas construídas nos mesmos territorios. En Galicia son poucas as explotacións de 2 a 10 Has. que están adicadas intensivamente a hortofruticultura. Por conseguinte, se en Galicia o 90 por cen das explotacións teñen menos de 10 Has., no EE este porcentaxe non chega ao 70, incluíndo perto do 90 das adicadas á esportación. Na CEE as explotacións menores de 10 Has. samente representan un 45 por cen.

Pero esta agricultura con rasgos precapitalistas está a sufrir un rápido proceso de especialización productiva, centrándose na gandería. De certo, como pode observarse no cadro 2, a gandería de representar un 47,4 por cen da produción final agraria, pasou a representar en 1973 o 58,7 por cen. Entre as producións gandeiras é o leite a principal responsable deste aumento, pasando do 10 ao 18 por cen, mentras que o gando de abasto apenas subiu 1,5 puntos.

## CADRO 2

Estructura de produción final agraria galega.

	1962	1963	1973
Agricultura	42,14 por 100	30,16 por 100	35,66 por 100
Gandería	47,41 por 100	61,25 por 100	58,74 por 100
Leite	10,21 por 100	17,22 por 100	18,10 por 100
Gando "abasto"	32,75 por 100	39,80 por 100	34,10 por 100
Silvicultura	10,45 por 100	8,59 por 100	5,61 por 100

Ovos	-75,7 por 100	- 90,3 por 100
Leite	-98,2 por 100	- 94,3 por 100
Carne de Vaca	-25,8 por 100	- 10,2 por 100
Carne de Ovella	-41,3 por 100	- 55,6 por 100
Carne de Porco	-23,5 por 100	-170,4 por 100
Carne de Cabalo	-39,0 por 100	- 35,3 por 100

## CADRO 3

Participación relativa de Galicia no Estado español (1966-76)

Producción	1966	1976
Cereais-Gran	4,4 por 100	3,5 por 100
Leguminosas-Gran	5,6 por 100	4,9 por 100
Patacas	28,2 por 100	25,7 por 100
Forraxeiras	22,6 por 100	21,5 por 100
De horta	3,5 por 100	2,1 por 100
Froitas	5,8 por 100	3,3 por 100
Uva	6,5 por 100	4,3 por 100
Ovos	7,4 por 100	10,5 por 100
Leite	21,3 por 100	22,2 por 100
Carne de vaca	21,5 por 100	14,0 por 100
Carne de Ovella	1,8 por 100	0,9 por 100
Carne de Porco	8,3 por 100	6,6 por 100
Carne de Polo	7,0 por 100	3,7 por 100
Carne de Cabalo	4,0 por 100	3,7 por 100

Deixando o sector avícola polas súas especiais características, queda craro que a nosa agricultura sofre un proceso de especialización na produción gandeira e leiteira aindamais. Pra sabermos os factores que rexen esta especialización interesanos a súa comercialización que veremos no próximo número.

O devandito vese máis claramente nos cadros 3 e 4 onde observamos que sementes os ovos, carne de polo e leite mantiveron ou aumentaron o seu nivel productivo verbo do Estado. O principal problema é que en Galicia resultaron hasta regresivas producións tan importantes como cereais, gran, hortícolas froita, carnes de bovino, leguminosas-gran, etc.

## CADRO 4

Aumento das producións entre 1966 e 1976.

	Galicia	Estado Español
Cereais-Gran	- 15,0 por 100	- 7,0 por 100
Leguminosas-Gran	-40,0 por 100	- 31,0 por 100
Pataca	-19,5 por 100	- 58,8 por 100
Forraxeiras	-51,3 por 100	- 35,74 por 100
De horta	-18,3 por 100	- 44,0 por 100
Froitas	-17,5 por 100	- 16,7 por 100
Uva	-21,7 por 100	- 24,6 por 100

## da terra asoballada

## MAXESTADE:

Os abaixo firmantes, alumnos e profesores dun curso de Lingua e Literatura Galega organizado pola Universidade de Santiago e máis polo I.C.E., queremos manifestarlle con todo o respecto e con toda a tristura que, despois de termos feito un longo e difícil curso, varios de nós nos imos ver trasladados forzosamente pra fora de Galicia.

Esta emigración forzosa dende unha Galiza que o propio M.E.C. recoñece como culturalmente deficitaria e este desterro dos que nos viñamos preparando pra sermos os Profesores de Galego que a nova Lexislación promete, non tén pés nin cabeza. ¿Qué obxectivo se persigue traendo profesores de fora de Galiza e botando fora aos profesores galegos? Nós non lle vemos outra intención que a de facer imposible o respecto e promoción que se nos vén prometendo.

Ante a inutilidade das xestións que ano tras ano vimos

facendo ante o M.E.C., dirixímonos á V. Maxestade que na súa coronación se comprometeu a escoitar a todos por ver se, polo menos, na máis alta Administración de España queda unha migalla de simpatía e de respecto por esta Galicia mil veces burlada e aldraxada. Esperamos da V. Maxestade que poña fin a tanta risa como están a facer de nós.

Ferrol a vintecinco de xuño de mil novecentos setenta e nove.

Don Xoan Carlos de Borbón. Rei de España.

(seguen 30 firmas)

## ESCOMENZA A FESTA

Cando escribo estas liñas escomenza a troulear autonomista. Asisto a unha conferencia-coloquio montada no local de CC.OO. Alí hai de todo: un local, unhas cen persoas e dous conferenciantes. O primeiro, cun "galego" que o chamo así por chamarlle dalgún xeito, vai bo-

tando unha ollada á historia autonomista. O segundo, cun galego non millor que o primeiro, demostrame coa súa oratoría que samente emprega o noso idioma pra intres moi concretos (mitins, assembleas, e demais actividades públicas). Predominan abafantemente as formas compostas dos verbos e nótase que está a pensar en español e a falar en galego. Na parede (que tamén había) un mural, inda fresco, no que entre outras cousas atopo unha muller (cecais unha "virxe" ou unha monxa pola súa indumentaria) que leva na sotaina o sonado cálice arrodeado de cruces que inda conservan algunhas bandeiras galegas e que debe ser o escudo ese que se nomea no proxecto de autonomía. A beira desta muller está escrito: Estatuto de Galicia SI.

Centrándome na exposición do segundo conferenciante, por falar de cousas máis "serias", pódese ouvir cousas como: "U.C.D. quixo desfigurar o "es-

tatuto dos "16", pero non o logrou". Penso eu que ao millor foi pola arrepiante minoría coa que conta U.C.D. na "Asamblea de Parlamentarios Gallegos" (por chamarlle dalgún xeito,) polo que non puido cambear o famoso estatuto.

O conferenciante "esqueceu" de cheo o falar do aspecto económico do proxecto. Compre sulñar que este home é militante do PCE, e astrévome, con moita homildade, a indicar que, asegun Marx, o aspecto económico é o eixo sobor do cal se móven as relacións sociais. Dixo, eso sí, que a Autonomía ía servir pra controlar unha parte do excedente económico galego. O cómo non apareceu por ningures. Será un secreto de militancia pra cando o PCE suba ao poder (meigas fora).

Repitiu as veces que considero oportuno (fixo ben) que o estatuto que se entregara nas Cortes era positivo inda que tiña cousas millorables, e puxo algún exemplo desas cousas millora-

bles, cáseque sempre de forma ou custións de espresión.

Unha e outra vez coinciden o PCE e a burguesía vendida ao imperialismo, e como os intereses que din defender os uns (PCE) e que defenden os outros (UCD) son diametralmente opostos, pois haberá que pensar que eiquí pasa algo.

Como remate, unha frase dunha persoa do público que tamén era do PCE: "... porque o 25 de Xulio os nacionais do Bloque e os partidos nacionalistas van pedir un estatuto de autonomía cara á autodeterminación...". ¡Ben pola información que teñen! E ningún dos alí presentes deu mostras de pensar o contrario.

Houbo máis, pero todo polo mesmo vieiro; moita lería liberal pero pouco rigor científico. E agora tócanos aturar a morea de propaganda pro-autonomía (autogoberno que lle chamamos eles) que vai vir do españolismo. Saude.

MANOEL CARNEIRO



## DA ARTE E DOS XEITOS

Por FELIPE SENEN

### A CAPELA DO SAN ANTOIÑO DE TOQUES

Paga ben a pena o chegarse deica as terras da Montana, alá cara a Melide. A paisaxe ábrese en verdes antre outeiros mansos e redondeados como aquela xente gasalleira co visitante, afeita ao trato da feira, aos fardos e ao camiño. Non é pra menos se cavilamos que o Camiño de Santiago facía pousada nestas terras de Melide. Eiquí hai moito que ver e protexer. Somentes, agora, imos tratar de capela, ou millor dito, do vello mosteiro do San Antoiño de Toques.



As mamoas e os castros non fallan nistas abas do monte Bocelo, do que brincan fartos os regueiros que van parar ao río de Furelos. Alí, no mesmo pé do castro de Brañas e non lonxe doutros asentamentos prehistóricos: Codesaj, Lobos, Graña, Vilamor, Piñeiro, S. Xiao, Mangoeiro, Oleiros, Pedro... está dende denantes do ano 1000 o convento do San Antoiño de Toques, lugar escolleito cecais

polo Rei de Galicia D. García no 1067 pra fundar o mosteiro, aínda que denantes houbera as bases dunha primeira construción.

O San Antoiño tivo importantes repdas e donacións espaxadas por toda Galicia, tal é que a casa forte e podente, dos Ulloas encargárase de gobernar e rezar tal fundación, o mesmo que facía con outras casas mosteiro

distas comarcas do corazón da nosa xeografía. Cando a Desamortización, o mosteiro, ao pé do ío e lindante coa capela, vendeuse e pasou a ser fábrica de pastas. Di a lenda que deu erebra porque nen tan siquer seu amo paraba a roda cando se misaba na capela. Un día, namentras o crego consagraba, a roda da fábrica botou a voar polo ar. Dende aquela, a industria deixou

de traballar. As silvas e o loureiro fixéronse donos do lugar. Pero ista propiedade privada aínda sigue sendo a espiña de Toques, un valado corta pola metade a eirexa e nen se pode dar a volta ao seu redor pra ollar o aleiro decorado e os canicelos.

A eirexa tén unha nave rectangular, cara ao este sobresal a cabeceira á que se da paso cun arco triunfal sostido por dúas columnas, nos seus capitales presentan esvásticas e rosáceas traballadas a bisel, motivos ben representativos da nosa arte ao traveso do tempo. Tampouco lle falla decoración ás basas, antre as que se atoparon, aínda hai pouco e cando a restauración, os osos dun enterramento.

Sobre da arca está un calvario, a Deesis: Cristo na cruz antre a Virxe e o SAN Xoan, o sol e a lua, como o principio e o fin, fanlle compañía. No fondo esbózase un dibuxo que representa a arquitectura dunhas casas. Figuras coma estadeas, cavilando e cheas de coorido, odese coorido puro: Bermello, azul, marelo, que firen no sentimento dos milleiros de

devotos que alí van en romaxe. Obra de fins do románico, mesmamente merez estar en todas as antoloxías da arte galega. Na cabeceira da nave hai un raro releve que moito lle dá que matinar aos eruditos da simboloxía, é unha figura que lle fai frente a unha besta...

Mirando adiante, está o retabo, no altar, baixo do que xandivo furgando o gran prehistoriador Bouza Brei, cecais tentando atopar un ara romana, os porqués da consagración daquíl vello templo. De por riba unha ventañña ábrese cara ao nacente.

Temos que voltar ao exterior, reparar no aleiro, montado sobre canicelos dos que parten arquíñas que sosteñen dúas bandas, unha cun dentado zigzagante e outra máis ancha na que se representan na pedra follas, rosáceas traballadas a bisel, técnica moi dada na arte prerrománica.

No adro verde o camposanto, ao fondo o ruxir do río, castiñeiros e carballos cóbreñse con mantos de pedra e ouriceles, mesmo aquece voltarse vaca e porse a pastar, a cavilar mainamente.

## andando a terra

Por M. HORTAS VILANOVA

### A ROMERÍA DE SANTA SABEL

Este ano a romería de Santa Sabel de Outeiro de Rei vaise celebrar os días sete, oito e nove do mes de xulio, que os labregos din mes da sega. Por algunchos lugares do sul de Galicia, á sega aínda se lle chama a seitura. O día grande, con gran romería á veira do Miño, é o día oito, si o tempo o permite que agardemos que sí. Compre repetir, unha vez máis, que a Santa Sabel celébrase o primeiro domingo de xulio, sempre que non sexa día un, como acontece este ano. Nese caso queda prósegundo domingo de xulio.

Agora é alcalde de Outeiro de Rei o meu compañeiro de infancia Suso de Candal, que é tamén crego de Bonxe, onde aínda ilustra o ceo do vrao o fume de dous fornos de

cacharros: o do Manuel do María e máis o do Indalecio. Suso de Candal e servidor, nos lonxanos días da nosa neñez, gastamos, no monte e nos eidos da propia tribu, as nosas vagancias de pastores, fumando, cando había sorte, un que outro mataquintós e cando non, zugador follas de silveira ou follas de pataca seca. E ensoñando dun xeito cismoso na romería da Santa Sabel. A nosa romería.

Sinto non ser concellal de Outeiro de Rei. Si o fora había de gobernar unha ponencia o millor que soupera, o mellor en verso e todo, pra sometela á consideración e a atención do señor alcalde e corporación municipal da miña tribu nativa. Na tal ponencia pediría que reconstruían a vella ermida de Santa Sabel, que está ubicada, como contan os versos de D. Ramón Cabanillas,

*...nun castro soave, redondo como un peito de muller.*

E que, ademais dunhos grupos de gaiteros ben competentes, trougueran a Santa Sabel unha banda de música. Penso na Banda Municipal de Lugo. Ou na de Santa Cruz de Brosmos. Ou mellor aínda na de Sarriá da que é profesor o pai do meu amigo Fernando Pérez López. A banda de Sarriá, despois de vinte anos de inatividade, volveuse estrenar de novo nas festas do San Xohán deste ano.

Na bisbarra de Outeiro de Rei houbo noutro tempo —e non falo da Prehistoria— grandes bandas de música: a de Asteriz e a de Bonxe. Eran dúas bandas moi espermentadas. Coido que o senso musical dos seus directores viñalles de escoitar o canto do Miño nos caneiros e de gozar do zunido do vento chairego entre as mestas e

potentes carballeiras. Non hai no mundo música máis pura. Nin tampouco mellores mestres.

Tiven amizade persoal con un dos derradeiros directores da banda de Bonxe, o señor Meilán de Matela, que, ademais de labrego, músico e oleiro, era un pouco toxo e un regular bebedor de tinto dos Peares ou de Valdeorras, que era o néctar que maiormente se lilaba en casa de Roibás hai trinta anos. Nas misas cantadas, o señor Meilán de Matela non tocaba o clamado "Hino nacional". Interpretaba unha charangada que el chamaba "O Avomaría de Chubert". Cando as orquestras comenaron a substituír ás bandas de música, o señor Meilán de Matela tenme dito que non chamaban a tocar á banda que el dirixía porque a guardia civil o tiña fichado por non tocar o "Hino real" no intre de alzar. E que os cregos non entendían nada de música, que

se entenderán non se podía comparar o "Hino real" coa "Avomaría de Chubert", moito máis axeitada pra unha función relixiosa. O caso foi que a banda de música de Bonxe convertiuse nunha orquesta que se chamou "Estrellas Azules". Non sei quen a bautizou con tan poético nome. Lembro que hai moitos anos, na romería do Santo Aciembre de Arcos, tiven o honor de que "Estrellas Azules" me adicara unha peza titulada "Entre palmeras".

Desexo e agardo que este ano a romería da Santa Sabel, unhas das meirandes festas da Terra Chá, sexa o que tén que ser: unha auténtica romería popular. O alcalde e a Corporación municipal de Outeiro de Rei teñen a obriga de que así sexa. Facer unha romería alleante e despersoalizada non tén senso. Sería un atentado máis ás nosas esenciais populares.

## oidioma

Por MARIA PILAR GARCIA NEGRO

### A VOLTAS COS CULTISMOS

Xa nos temos referido máis dunha vez nesta sección ao problema dos cultismos no noso idioma e ás solucións trabucadas que tiña orixinado moitas veces un tratamento diferencialista dos mesmos. Hoxe volvemos sobre to tema, porque este tipo de palabras son as que en maior medida se prestan a un tratamento confundido. As voces cultas na nosa lingua, que non tivo a

sua propia historia soberana, "soan" inequivocamente español e, daquela, téntase "recobriñas", galeguizalas, cando, na realidade, as voces cultas son moi parecidas en todas as linguas. Cando o noso idioma empezou a ter usos diferentes dos familiares e coloquiais, cando comenzou a rachar o cerco de lingua marxinada, cando, en definitiva, iniciou o camiño da normalización, aconteceu que invadiu du súpeto áreas novas de vocabulario, que, até entón, lle foran

descoñecidas. Trábase de facer notar astra o máximo a presenza do galego, estremando se era preciso, a aparencia galega da palabra. Isto levou a creacións falsas, por alleas ao noso propio idioma ou ben a dar acollida a formas que dificultaban a mesma escrita. Nun proceso gradual de uso, coñecimento e práctica da

lingua, todas estas formas habíanas (e hanse) ir decantando (por iso, parécenos inconcebibel que se poda afirmar tranquila-

mente que todas estas formas erradas "amenazaron seriamente a supervivencia do galego como lingua de cultura" (1), cando eran precisamente síntoma de vitalidade e de o galego ter conquistados outros usos, outras funcións distintas das primarias e cando a ameaza real para o noso idioma é ben outra).

Velai van as correccións: Imos poñer TRACTORES e TRACION onde aparece "trautores"

e "traución", anque na fala digamos así ou facendo a vocalización en "u". Imos escribir SECCION ("seición" é unha falsa evolución) e, finalmente, ESCLUSIVO por "escru-si o" (e "cravo" ou "escravo", pero é, en cambio CLAMAR ESCLUIR, CLASE, etc).

(1) Carlos Casares, na sección "A ledicia de ler" do domingo, 24 de Xuño pasado.

## MÚSICA

### TOMÁS MARCO: UN CONCIERTO BARROCO E POUCO MAIS

Tomás Marco. AUTODAFE (Concierto barroco n. 1) (1975) Jean Pierre Dupuy piano. Conxunto instrumental. José María Franco Gil, Director. MAYA (1968-69) Pedro Corostola, Violoncello. Luis Rego, Piano. CONCIERTO GUADIANA (1973) Jorge Fresno, Guitarra. Grupo Koan. José Ramón Encinar, Director. PAISAJE GRANA (Homenaje a Juan Ramón Jiménez) Jorge Fresno, Guitarra.

TRIBUNA INTERNACIONAL DE COMPOSITORES

Grabación: 6

Interpretación en xeral: 7

Interés do disco: relativo, amosa a situación do panorama compositivo en Madrid pola mesma razón que intrínsecamente non val gran cousa.

A obra máis salvable de todo o disco 'sen dúbida AUTODAFE' pro a súa relativa calidade penso que non xustifica o primeiro premio da "tribuna internacional de compositores de la UNESCO". Obra estruturada en varias seccións craramente diferenciadas, está construída en base aos tópicos pseudo-vanguardistas que caracterizan a que se podería chamar escola madrileña. A primeira sección desta obra non é máis que un longo crescendo-conseguido polo sucesiva adición de instrumentos e incremento da intensidade sonora —que aboca no consabido corte seco que lle dá paso ao cuasi-silencio— escoitanse somentes os armónicos, que son moi febles, de tres partes de violíns. Outro caso de tópico é a derradeira sección desta mesma obra: grupos de notas diferentes pra cada parte instrumental repetidos moi axiña. O efecto é o dun marmurio. Como tamén é sabido, remátase a cousa esvaíndo este efecto.

Pode parecer alarmante a situación da composición na "Villa et Corte" se nos decatamos que o uso deste efectos



—que un debido emprego deles— farios servidores de digna causa— é como queda dito, puramente tópico. Con esto quero decir que non existe por parte destes compositores un prantexamento estético, nen siquer estilístico. Desconocen totalmente o que é a hisotira da música (a pesares de impartiren esta disciplina. Concretamente, Tomás Marco é profesor de historia da música da "Universidad Nacional de Educación a distancia") que implica o non sentiren a necesidade da ampliación do material sonoro acontecida a mediados do presente século. —Esto non é obice prao o empregaren nas suas obras (curiosamente Tomás Marco é tamen" profesor de Nuevas Técnicas del Conservatorio de Madrid")—.

MAYA preferiría non coméntala.

CONCIERTO GUADIANA. Usa aquí Tomás Marco —igual que en AUTODAFE— do que o crítico inglés Hans Keller deu en chamar —personalmente opino que con gran acerto— muletas destes coxos compositores: as citas muscaes.

PAISAJE GRANA perez unha

obra máis seria. E pra guitarra. E o desenrolo máis que de desenrolo deberíamos falar aderezo, enfeite dun tema de catro notas, ou seña ningunha gran cousa.

Estimaría pra rematar transcribir literalmente dos comentarios do propio autor a AUTODAFE pra disfrute do lector:

"Como en casi toda mi obra, parto en ésta de un elemento cultural que será elaborado musicalmente, elemento que, como en otras piezas ("escorial", "Ultramarina", "Ecos de Antonio Machado", etc.) se basa en la cultura histórica española y su proyección actual. En este caso se trata del largo proceso de la libertad de expresión y sus distintos autos de fé concretando en los autos de fé barrocos, donde además se convierte en el arquetipo de ciertos espectáculos netamente españoles (la tauromaquia por ejemplo). Por otra parte, el subtítulo no alude tanto a un esquema formal como a la persistencia del elemento barroco en el arte español desde Velazquez, Cervantes o Calderón hasta Goya, Picasso o Valle-Inclán, entendiendo el barroco como un elemento de expresión,

de introdución de un elemento temporal que llega hasta la arquitectura (y que conviene a la música por su misma esencia) y de un ejemplo dramático de la ornamentación."

MARGARITA SOTO  
VISO

## LIBROS

### ENQUIA E ANÁLISE DA REALIDADE GALEGA

Alfonso Magariños vén de tirar do prelo dúas obras sobre a realidade galega (1). Veñen ser as dúas caras dunha moeda: unha amosa ao traveso dun inquerito o arco da vella de opinións duns trinta pensadores. A outra é unha apretada síntesis da problemática deste país na que Magariños sinala os curutos e as simas do presente.

Galicia: conflicto e supervivencia ofrece en catro capítulos e un apéndice a reflexión de 33 persoas. A mostra, aínda que insuficiente, é significativa. Cada secuencia danos unha serie de respostas paralelas, moitas veces contradictorias. Así, o libro evidencia a realidade social de Galicia, chea de antagonismos. Magariños tratou de evitar todo tipo de manipulación dos textos e de subordinación dos respondentes e serviuse dun orde alfabético. A pesares desa boa intención, algunha vez prodúcese un forte craescuro, v.g. ao arrastrar unha cita de L. Dieguez a seguioo don longo tratamento que da Santiago Alvarez ao tema. Digamos de paso que o lector pode divertirse coa "inegale" prosa sofisticada de don Santiago, cecais apta para unha escolma dese xenero literario.

O inquerito non so ofrece reflexións interesantes; sirvenos datos actuais de importancia. Sobre Ideoloxía e praxis política, idioma e cultura, iprexa e reflexión, industrialización, cam-

po e pesca atopanse útiles contribucións dos respectivos técnicos e, por posto, nas valoracións de figuras que xogan certo paepl político de vanguardia.

Quienes somos los Gallegos é unha síntesis feita con gran esforzo. A editorial Epidauro non respetou dabondo a postura do autor; pola contra, sirve o libro en función de determinadas alternativas políticas, e así o fai salientar en cor vermella á beira do título. A obra tamén vén dividida en catro partes: pasado e presente dunha nación; conflicto lingüístico e cultural; atraso económico; realidade e perspectiva política.

Sen pretender máis que lles dar os lectores un resumo das cuestións, Magariños sírvelles unha abondosa información e un elenco de referencias. O autor e moi sensible a todas as manifestacións da vida do país, e un dos poucos que confronta a chamada á autonomía do nadal de 1977 coa manifestación multitudinaria do Día da Patria Galega que mesmamente foi unha resposta antiautonómica e un sí á liberdade de optar por unha confederación de nacións no Estado. Pero a vez o autor espresa sen disimulo a súa opinión en favor dunha autonomía "progresista" e que cobra o teito constitucional.

Resta decor que a primeira obra vai dirixida ao lector galego, e a segunda ao español. Personalmente tería preferido una síntesis sen valoracións partidarias (e menos poñelas en boca de persoeiros dun partido pra caracterizar aos seus adversarios). Desvear a realidade obxetivistas e as idealistas. Outras valoracións folgan.

F. C.

Alfonso Magariños, Galicia: conflicto e supervivencia, Castrelos, Vigo, 1979.

Alfonso Magariños, Quienes somos los gallegos, Epidauro, Barcelona, 1979.

## AXENDA

### LIBROS

Dona Galicia de Kristina Berg. Libro de contos. Galaxia.

Poesías dun labrego emigrante de Tomás López. Sociedade Recreativa e cultural "Dorneda". Dorneda-Coruña.

Estudos galego-portugueses de Manuel Rodríguez Lapa. Sá da Costa. Edicoes Noroeste. Lisboa.

### PUBLICACIONES

Facho. N. 5 Xunio do 79. Feito polos alumnos da Escola de nenos de Quentela de Leirado, na zona de Celanova-Bande. Colección de traballos en galego e español, con maioría absoluta dos feitos na nosa lingua, que van dende unha colleita de cántigas a unha encuesta a 24 labregos arredor de diferentes problemas. Ficamos á espreita de recibir publicación semellantes pra dar coñecemento delas na nosa AXENDA

### CINE

Macumina de Joaquín P. de

Andrade. Cine-Club Marín. Cine Quiroga. 6 de xulio ás 10,45 da noite.

### FESTIVAIS

FESTIVAL DE VRAN  
"CIDADE DE VIGO"

Día 7. 22.30. Saa de Arqueoloxía do Museo Municipal "Quiñones de León". Anónimos do século XVII; Scarlatti; Vivaldi; Bach; C.D'Aquin; F. Carulli; J. Aguirre; H. Villalobos e Leo Brower.

Duo de Guitarras Camacho-Mayo.

Día 10. 22.30 h. Auditorio Municipal. Andrés Gaos: Sonata, Muiñeira e Romanza. Daniel Quintas: Apuntes dodecafónicos Dúo Linares-Mosca (Violín e piano)

Día 10.22.30 h. Auditorio Municipal. Obras de Arnold Schöberg, Alban Berg; Anton Webern; Karlheinz Stockhausen; Enrique X. Macías (Cuéntame) e Julián Hernández.

Pianista. Jorge Peixinho.

Día 9. 22.30. Auditorio Municipal. Programa a determinar. Presentación de Polifonías III de Enrique X. Macías.

Grupo de Música Contemporánea de Lisboa. Dtor. J. Peixinho.

### DISCOS

#### DISCO DA SEMA

Joseph Haydn. SINFONIAS



Orquesta Sinfónica Hungárica

Director. Antal Dorati.  
DECCA—Ace of Diamonds

Na serie económica de Decca vén saíndo con irregularidade a extraordinaria edición da integral sinfónica de Haydn grabada za hai uns anos por Antal Dorati. No mercado están nove discos que aquí se distribuen soltos —en Inglaterra veñen en álbums— conservando a magnífica toma de sonido e un prensado sen chatas. Dada a relación calidade-precio, moi positiva, recomendamos mercar algúns destes discos.

Andrés Jiménez COMO EL FILO DEL MACHETE

CFE-Guimbard GS-11026

Andrés Jiménez é un cantante puertorriqueño que fai unha música moi divertida á que lle superpón textos antiimperialistas.

Malicorne. L'extraordinaire Jour de France d'Adelard Rousseau dit Nivernais la Clef des Coeurs, Compagnon Char-

pentier du Devoir.

CFE-Guimbarda GS-11029

Malicorne presenta este disco na liña das suas últimas producións, cun título longo mo que conxunta co aburrido dalgúns momentos do disco.

The Pentangle. Cruel Sister e Reflection.

CFE-Guimbarda DD-22016

Levamos escrito gabanzas abondo de Pentangle doutros veces. Agora, dous novos discos ao precio dun. Moi recomendable.

AIRIÑOS DO PARQUE DE CASTRELOS

Columbia CPS 9597

Desconecemos este disco. Se xulgamos pola calidade do grupo é de recomendar.

### TEATRO

"Pic Nic" de Fernando Arrabal, polo grupo "Artello" de Vigo. Días 10, 11 e 12 ás 10,45. Saa Carral do Círculo Ouren-sán-Vigués, Carral 18-baixo. Vi-go.

ANUNCIOS DE BALDE

Vendo os tomos 1 e 2 de "La Medicina y la Salud" por 1.100 ptas os dous. Se mos merca un patriota galego, que teña pensado ir a Santiago o vindeiro 25 de xulio en defensa das "Bases" pra unha Constitución Nacional-Popular Galega, fareille unha grande rebaixa. Tamén vendo os fascículos e tapas correspondentes ao tomo 8 da "Historia del Arte" por 350 ptas. Fernando González Estévez. Beade. Porto Quintián-74. Vigo.

Troco pegatinas e ando a procura de información sobor de medios de comunicación alternativos. N. García. Rúa dos Pelamios. Santiago.

Cómpreme urxentemente o enderezo de Júlio López Soto, do Ferrol, que tén mantido correspondencia con este semanario. Xosé Ramón Rodríguez Fernández. Penaxubeira-Rubián de Cima. (O INICIO). (Provincia de Lugo).

Galegos interesados nos problemas da nosa Patria, residentes nos Países Cataláns, concretamente nas comarcas de Valencia e Alacant, pódense poñer en contacto coa AN-PG na emigración a través de X. Moreiras, Salinas-5 VALENCIA X. Iriarte. Avda. Salamanca-40-9.C. T.228979. ALACANT. Un saúdo nacional-popular

Vendo tomavistas COSINA super-8, modelo HDL, con zoom 3/64 mm. e difragma 1,7, xunto cunha pantalla de proiección e unha "antorcha" Philips de 1000 wvatios, polo precio de 30.000 ptas. Contactar F. Bellas. A NOSA TERRA. Télf.: 582681. Santiago.

A temibre Pepa "a Loba"

Outro feito grrorioso foi o do abade de Morlán (Trazo), este bon e caridoso abade dáballo tanto á Pepa como a Taboada unha cantidade de diñeiro pra que no molestasen, e cando viña a Santiago pagáballe ós dous a comida no Cruceiro da Cruña. E sigue a cousa. Un día na feira da Arzua, veu esta muller e Taboada a unha moza botando moitas bágoas, porque perdera os cartos da xuvenca que vendera; entón, Pepa e o seu compañeiro tiveron tristura dela e déronlle o que a moza perdera, porque din que esta muller,

que era a coba de tódolos ladrós, velaí que polo famiño ven unha moza cunha meniña nos brazos xemendo; a Pepa preguntoulle qué tiña, decíndolle que o creto non lla quería bautizar, porque cando era nena un día do Preceuto roubáralle da sacristía unhas culleres de prata, en demmais porque era filla de moza solteira. Pepa tan pronto llo dixó díxolle "vente agora mesmo, que che vai ser bautizada"; así foi; chamou

cunha pedra fortemente á porta do crego, e tan axiña a ollou dende a ventana, baixou sin perder tempo, decíndolle "agora mesmo vai bautizar esta meniña, que lle vou eu de madriña con este home que vén na miña compañía". O creg4, tembrando, foi cara pra onde se bautizaba,

decíndolle "non-se esqueza que eu són Pepa a "Loba".

iMoitas, pro moitas cousas máis se gababan desta muller tan nomeada en Galicia como fora en Madrid Luís Candelas!

Tense pór certo que esta muller era de Loureda, no concello do Pino. Fuxeu de mui nova do seu lar, adicándose a esta maneira de vivir... Agora que hai que recoñocer que ela coma Taboada nunca deron morte a ninguén.

Viveu moito tempo na Muiña, cerca da Estación do Casal, nunca foi casada, a súa vestimenta era unha falda e maletón de cor bermella con franxas no fondo de terciopelo negreiro. Tivo dúas fillas que xamais quixeron saber dela, unha chamábase Francisca e a outra Tareixa, unha delas viveu en Touro moitos anos.

CARTAS

O TERRORISMO, SI OU NON

Nestas datas, estáselle a facer un xuicio a Monzón e Letamendia, membros do Herri Batasuna, sobre o tema da apoloxía do terrorismo, por iso, quero ou pretendo valorar as causas que pra min tén o terrorismo.

Paréceme a min que dende o comenzo deste século empezouse a usar a palabra "terrorismo" tanto de ante da xente dereitista como da xente esquerdistista, e con "ideas" ben distintas as dúas partes; mentras a dereita usou a palabra terrorismo como catafalco ou pretexto das accións que sempre acababan en golpe de estado (por iso non sería raro encontrarmos en situacións que poñen as forzas fascistas en posición de ter unha certa lexitimación) a ideoloxía das esquerdas tén como praxis un terrorismo máis idealista, e polo tanto, máis "intelectualizado", anque craro, sen abandonar a idea dun golpe de estado no caso de ver fracasada a súa lexitimación que comporta a concienciación das masas dende o seu punto de vista. Craro que a pesares de todo, os científicos (señan dunha ideoloxía ou da outra) din que o terrorismo en si nace no cerebro, e non admiten o que seña unha cousa herdada, pero vamos a ver agora se é unha cousa herdada ou non (teño que crarexar antes que iste terrorismo o interpreto dende o meu punto de vista como unha violencia ao físico, ao corpo, craro que sin esquencernos do "ideolóxico" como o que se ven facer a nivel de prensa, radio, televisión, escola e vida en xeral).

Terrorismo foi o que empuxa ao Homo Sapiens a abandonar o seu estado de simio, un terrorismo con relación ao

medio en que se atopaba, atopando ou descubriendo unha nova caste de vida, outro camiño, na súa bioloxía; a isto, os científicos dirán que iste proceso duraría millóns de anos, pero a pesares de todo foi un salto adiante un tan violento pra unha especie entre as moitas dos vertebrados; terrorismo foi o que empuxan a reis, emperadores, condes, e Eirexa no nome da ambición, da insatisfacción, ou do aburrimiento, ou da fame evidente do pobo, a invadir o chan estranxeiro, que ao fin vería asoballado o pensamento da súa xente, asoballada a súa honra, asoballada a súa alma no fondo do seu ser, ao teren que aceptar pola forza un sistema de vida totalmente alleo, asoballado o seu corpo ao teren que emigran por non ter un "recunchiño" donde ter uns grans de millo, trigo ou cebada, en fin, asoballados en todos os sentidos; terrorismo foi (é moi triste e terrible) o que o empuxou á Inquisición a mandar ao patíbulo a milleiros de xente por non queren aceptar de distintas posturas unha doutrina que se escapaba do que tiña que ser unha moral verdadeiramente humana, entre a xente que morreu na fogueira, forza e demáis caste de "trincacoiros" caíron moitos xenios das ciencias, letras e demais poulas do saber, xente coma Servet, Bacon, Galileo, Copérnico, etc., xente ista que sufriu xuicios moi duros que hoxendia aínda está a falar deles, pero que non nos vaia parecer que era samente xente moi sabida a que caía trincada porque tamén caían relixiosos ou xente do pobo que daba alenos de pensar doutra maneira; en fin, que pra onde quiramos facer caer o noso pensamento na Historia, hai sempre o "terrorismo" afogando de todas as súas formas

o sentido da realidade en que estamos envoltos, e con iso da realidade quero darlle unha pincelada non aos homes, senón á natureza toda.

Por iso penso se estará ben medido iso de querer facer un xuicio a dous homes que defenden ao pobo de Euskadi, que defenden o que non é deles que defenden á súa xente do asoballamento de un terrorismo a nivel de Estado, por iso penso eu quen será de verdade o terrorista.

ISIDRO BARRAL BRANCO Sada

AS FESTAS DE SAN XOAN EN FRIOLFE: UNHA CACICADA MAIS

Este ano celebráronse en Friolfe (O Páramo), as festas de San Xoan coma todos os anos, pero cunha comisión caciquil que quixo explotar ao pobo ao máximo. O cura, pola súa banda, non foi do millor, pois aparte de dicir a misa en dúas linguas (coma as víboras), non quixo levar a procesión ao sitio de sempre; pero ao segundo día, agarrei eu a cruz (e cómo soupo de quen se trataba non me fixo caso), e fun hastra o cruceiro, e ao chegar alí berrei: ¡Se queredes imos ao cruceiro vello carallo, xa que onte non se veu aquí ao noso! Pero déronme lástimas as rapazas que levaban a Virxe, e volquei.

Pero deixando o do cura, vou dicir o nome dos caciques da Comisión: Xesús López Gallego, da UCD, concellal, bon rapaz, pero un pouco zorro; Luís do Corgo, este independente e que non tiña dúbida se non fora cos caciques; Xulio López Santos, da UCD, irmau do Caralavada e

malo coma él; Marcial da Rita, da UCD, ameazante, presumido e hastra se pode dicir ladrón (por algo é xenro do Quiroga, carteiro que non serve as cartas).

O primeiro día, o xenro do Quiroga quíxome roubar dúas cartas dunhas rifas que vendín. O segundo día (25) houbo un partido entre solteiros e casados, e asegún eles, había un trofeo donado por "Sanders". Xogouse o partido, e gañaron os solteiros. Pero ao acabar o partido, saíron decindo que o trofeo había que subastalo, e o irmau de Caralavada decía que daba 200 pesetas pra que nos picáramos e nos matáramos os uns cos outros hastra darmos 100 pesos ou máis pra eles, pero tiñan o mesmo dereito os solteiros ca os casados pra subasta. Por lles chamar marraus e farsantes, o xenro do Quiroga díxome que non insulta, pero ao verme mover macheta, coa que xa lle quitara a cor no campo, calou. Na festa, inda cos líos que houbo, déronllela, pero como xa a tiñan noxada e non lles deixaron subir ao palco recollela, mandáronlla meter no cú. Logo escolleron a nova directiva: Marqués de AP, Frandexo e Asturiano, dous bos amigos do Quiroga.

Hoxe entereime de que os caciques van ter unha xuntanza pra delinear a estrada de Paradelas. Imos de carallo se o consiguen.

XESUS LOPEZ GAIOSO Friolfe (O Páramo)

A EMIGRACION, ANTI-IMPERIALISTA

Queridos compañeiros e camaradas de A NOSA TERRA: Mandamos estas firmas (poucas, pero conscientes de que a nosa

terra está colonizada) pra que o Estado I. Español se entere de que a emigración galega, como o pobo galego, tamén está en contra da industrialización irracional que tratan de manter na nosa terra, non creadora de postos de traballo, e pola contra, botando cada día máis xente pra emigración. Nós queremos unha industrialización racional, creadora de postos de traballo, pra que así algún día os galegos espaxados polo mundo poidamos voltar á nosa terra, anque esto non lle interesa ao Estado I. Español, xa o sabemos.

Temos que loitar nós dende aquí e vós dende aí, a ver se esto remata algún día, e Galicia deixa de ser a nación esportadora de carne humana.

Perdoade pola letra e polas fallas, pro non fun moito tempo á escola, e o tempo que fun non me ensinaron en galego, como debían ensinar.

Con saúdos nacionalistas, despídome de todos vós. Hastra a vosa.

XOSE ANTON RODRIGUEZ (SUIZA)

Os abaixo firmantes, sabedores das manobras imperialistas de tratar de construír unhas central nuclear en Xove (Regodela), queremos facer chegar a nosa oposición rotunda a esa central nuclear, que en nada vai favorecer ao desenrolo económico, e pola contra, os riscos contaminantes cos derivados deste sistema enerxético. E en xeral, manifestar a nosa oposición decidida a todo tipo de encravamentos industriais que non señan garantas abondo dunha millora das condicións de vida do pobo galego nos seus aspectos físico, económico e social.

(Siguen 18 firmas).

EMIGRANTES GALEGOS NA ZONA DE BASSEL

# A NOSA TERRA

## O CINE ANTI IMPERIALISTA (I) (AMERICA LATINA), ARXENTINA, BOLIVIA E BRASIL

XOSE PAZ R.

E de todo evidente que no intre en que vivimos a imaxen ten unha influencia decisiva. Deica tal punto, que unhas eleccións son ganadas valéndose da imaxen. Ahí temos o "monstruo" da TV. a facer estragos por toda a nosación. Por eso todo canto se faga en pro de lograr no noso pobo unha conciencia crítica fronte ao poder das imáxenes será pouco. E coído que debería ser un dos obxetivos prioritarios no futuro. Os medios de comunicación —estando á cabeza os que se valen das imáxenes— sirven praos colonialistas e imperialistas praos gobernos, praos monopolios e praos rexentes das multinacionais de adormecemento da conciencia popular. Nas mans de todos estos son os millores medios colonizadores que poden atoparse na sociedade actual. Pro tamén é verdade que ao rescatar pras crases populares estos medios, poden servir de contrapartida presentando as loitas populares, rescatando a memoria do pobo —a súa historia— da amnesia colectiva imposta polos que detentan o poder e defendendo a cultura nacional de cada pobo ou etnia.

Xa ben decía fai pouco o gran cineasta galo Jean-Luc Godard: "Cincuenta anos despois da revolución de Outubro, o cine americano reina sobre o cine mundial (...) Na actualidade facer un film, é contar unha historia como a contan en Hollywood. Tódolos films seméllanse. O imperialismo económico dou orixen a un imperialismo estético (...). A nosa tarefa é liberarnos das cadeas de imáxenes impostas pola ideoloxía imperialista ao traveso de tódolos seus aspectos: prensa, radio, cine, discos, libros..."

No 1898 desembarcaban na illa de Cuba un camarógrafo, Teodoro Roosevelt e un exército norteamericano de intervención. Roosevelt e o exército de infantas de marina viñan a deter as forzas revolucionarias cubanas que xa casi vitoriosas derrotaban ao maior exército español endexamais traído a ningunha terra americana. O camarógrafo traía a misión de desvirtuar esta verdade: el debía probar coas súas imáxenes que esta intervención levábase a cabo pra acelerar a derrota colonial española. Esto revela craramente que o imperialismo non somentes utiliza a forza militar pra impoñer as súas concepcións socio-políticas (explotación), senón que usa adecuadamente praos seus intereses a modelación informativa e cultural dos medios de comunicación.

Analizaremos neste e nun próximo artigo o cine realizado por toda América Latina dende o Río Bravo deica a Patagonia, desenrolado paralelamente ás loitas de liberación nacional dos pobos latinoamericanos fronte ao enemigo do "norte". Trátase dun cine ao servizo do pobo,

das camadas populares, dun cine probe pero militante, dun cine esporádico —Chile, Arxentina, Uruguai— imposto polas circunstancias; dun cine do exilio e dun cine revolucionario —Cuba— que nace e se desenrola deica hoxe.

1.— ARXENTINA: "A DES-COLONIZACIÓN POLO CINE E A CULTURA".— Non son numerosos os films, comparados co groso da produción, que serviron pra rescatar a memoria do pobo, pero si importantes. Hai que pensar que xunto con Cuba e o Brasil a Arxentina é a primeira que se puxo a andar no eido do cine. Convén destacar, entre outros, "La hora de los hornos", "El camino hacia la muerte del viejo Reales" e "Operación masacre" realizados por membros do grupo "Cine-Liberación" (Solanas, Getino, Vallejo, Cedrón). "La Patagonia rebelde" de Oliveira, "Quebracho" de Wülicher, "Los hijos de Fierro" tamén de Solanas e "Los traidores" do grupo "cine de La Base".

Xa no 1969 os membros do grupo "Cine-Liberación" dan a coñecer nun traballo teórico a súa postura política e ideolóxica dentro do cine. O documento, titulado "Hacia un tercer cine", complementábase co artigo de Octavio Getino "Memoria popular e cine" publicado na revista boliviana Film/Historia. De ámbolos dous documentos entresacamos algúns párrafos moi significativos, que valerían perfectamente pra caso galego.

"A loita anti-imperialista do pobos do Terceiro Mundo e dos seus equivalentes nas metrópolis constitúe sempre o eixo da revolución. O "terceiro cine" é pra nós o que identifica nesta loita a máis xigantesca manifestación cultural, científica e artística da nosa época, a gran posibilidade de construír, a partir de cada pobo, unha personalidade liberada; a descolonización da cultura.

A cultura dun país neo-colonizado, como o seu cine, son simplemente a expresión dunha dependencia global xeneradora de modelos e de valores nacidos das necesidades de expansión imperialista. Pra impoñerse, o neo-colonialismo ten necesidade de convencer ao pobo do país dependente da súa inferioridad. Tarde ou cedo, o home "inferior" reconece ao home "superior"; este reconecemento significa a destrución das súas defensas. Si tu queres ser un home, di o opresor, tes que ser como eu e xuntarte a min, falar a miña lingua e deixar de ser tí mesmo. (...) Unha cultura, un cine non son nacionais porque se sitúan en cadros xeográficos determinados, senón cando responden ás necesidás particulares de desenvolvemento e de liberación de cada pobo.

(...) Nun país neo-colonizado,

como son a maior parte dos países latino-americanos existen en conflito permanente dúas culturas: a unha nacional, a outra dominante. A primeira, que se identifica co proxecto de Nación debátese aínda na resistencia ou na proscripción. A segunda que se asocia ao proxecto de dependencia controla os recursos máis visibles de todo o país.

(...) Un cineasta de calqueira país de América Latina debe estar comprometido co seu pobo e darse conta que somentes cabe a loita de todos xuntos fronte ao imperialismo".

O film prototipo de cine antiimperialista arxentino é pra nós "La hora de los hornos" de F.E. Solanas i en especial a súa primeira parte, tiduada "Neocolonialismo e violencia", dedicada ao "Che" Guevara e a todos os patriotas que caeron na loita pola liberación indioamericana.

2.— BOLIVIA: "UKAMAU, POR UN CINE REVOLUCIONARIO E POPULAR"

No ano 1966 realízase o primeiro longometraje "Ukamau" ("Así es") e nace o grupo do mesmo nome. Os principios deste grupo, dirixido por Jorge Sanjinés —posiblemente o millor director de cine antiimperialista do mundo— son fundamentalmente o enfoque sociolóxico de cuestións conflictivas entre os diversos grupos sociais do país (indios "quechúa", e "aymara" —70 por 100 da poboación— e mestizos); a elección do área rural como escenario principal; a participación dos grupos labregos e mineiros como demostración dunha postura de afirmación dos seus dereitos; a defensa real dos dereitos das crases populares; a represión do exército, dos empresarios, dos latifundistas...; a asoballamento imperialista dos USA; a eliminación dunha raza e dunha cultura... a india. Estes cineastas toman estes principios como seus, o que fai que o seu cine seña máis que social, sociolóxico, que axuda grandemente ao coñecemento do país, do seu ser propio, como din os mesmos cineastas, polos propios bolivianos.

A filmografía, corta pero interesantísima, do grupo Ukamau é un verdadeiro exemplo de como debe facerse un cine comprometido coa realidade social dun pobo, un cine que reflexa uns feitos semellantes aos de Galicia, por eso ao ver calqueira destes films parece que estamos na nosa terra. Convén destacar os seguintes films: "Yawar mallku" ("La sangre del condor") (1969), falado na lingua quechua, o carácter testimonial que representa, a súa forza política, a loita por achar un sustrato nacional-popular que respiran as súas imáxenes, fan esquecer o esquematismo dalgunhas situacións. "El coraje del pueblo" ou "La matanza de la

noche de San Juan" (1971) producido pola RAI, obra marxista que recolle e analiza uns feitos reais dunha masacre de mineiros do estaño polo exército boliviano do feixista Banzer. "Jatun Anka" ("El enemigo principal") (1973), baseado nun feito tamén real, análise da relación entre un grupo guerrilleiro e os labregos dunha rexión dos Andes. "Tupac Amaru" ("Fuera de aquí") (1977), realizado no Ecuador debido ao exilio do grupo; alguén acertadamente ten dito que o film presenta unhas "Encrobas" nos Andes, por eso abonda co dito. Outro membro do grupo Ukamau, Antonio Eguino, realizou dous títulos interesantes "Pueblo chico" (1974) e "Chuquiago" (1977).

Fai pouco tempo Jorge Sanjinés decía: "O imperialismo atácanos de moitas maneiras. E sempre difícil atopar unha actividade onde non se note a súa presenza. Os seus expertos veñen a nosa casa pra esterilizar as nosas mulleres e nenos ("La Sangre del condor"), pra organizar o asasinato dos nosos líderes e dos nosos traballadores ("El coraje del pueblo"), interveñen na política nacional, corrompen xentes, mercan militares, espían, financian a grupos feixistas e terroristas, torturan... Por eso somentes nos cabe facer un cine antiimperialista, cun senso de arte popular e de liberación".

3.— BRASIL: "O CINEMA NOVO E A ESTETICA DA VIOLENCIA".

Os films "Rio quarenta graus" (1955) e "Rio zona norte" (1957) dirixidos por Nelson Pereira dos Santos significaron o nacemento do "cinema novo brasileiro" e con él a dualidade de dúas estéticas, a "estética da fame" representada precisamente por Pereira dos Santos e plasmada craramente no seu espléndido film "Vidas secas" (1963) baseado na novela de Graciliano Ramos, na que o protagonista, Fabiano, é un emigrante que fuxe da sequedade das rexións do nordeste brasileiro, un débil, un tímido, un home probe, famento, feo...; a fotografía é directa, o sol de nordeste está perfectamente captado así como o seu efecto sobre a paisaxe e os homes.

A outra estética é a da "violencia" representada polo cineasta máis importante, Glauber Rocha, cos seus films "Deus e o diablo na terra do sol" e "Antonio das mortes". Praos cineastas do "cinema novo" América Latina é unha colonia; a diferenza entre o colonialismo de onte e o de hoxe reside somentes na forma máis refinada dos colonizadores actuais. E, ao mesmo tempo, outros colonizadores ensaian reemplazalos, con formas aínda máis sutiles e paternalistas.

Pra Rocha a fame do latinoamericano non é somentes

un sintoma alarmante da probeza social; é a esencia da súa sociedade. Así pódese definir a súa cultura como a "cultura da fame". O comportamento normal dun famento é a violencia, máis a violencia dun famento non é primitivismo; a "estética da violencia" antes de ser primitiva é revolucionaria,, é o intre no que o colonizador se da conta da existencia do colonizado.

Didáctico ou denunciador, agresivo ou crítico, axitador ou organizador, desmitificador ou fabulista, o "cinema novo" considera que ser realista significa discutir os aspectos da realidade e non usar dunha fórmula do realismo europeo xa trasnoitada, co fin de determinar, a priori, un realismo de boa conciencia...

O segundo director en importancia é Rui Guerra que con "Dulces cazadores" unha especie de parábola i en especial con "Os fuzis" ("Os fusiles") defende as tesis do novo cine brasileiro. Logo están Carlos Diegues con "Ganga Zumba" e "A grande cidade", León Hirszman con "A falecida", Joaquim Pedro de Andrade con "Macunaima", Roberto Farias con "Selva traxica", o mesmo Glauber Rocha con "Barravento", "Terra en transe", "Deus e o diablo na terra do sol", "Antonio das mortes" —estas dúas xa citadas— e "a historia do Brasil" (1973-1975) realizada en Cuba (onde se exiliou no 1971) un longometraje que pretende ser un "análisis materialista e dialéctico" dos tres derradeiros séculos da historia do seu país, dende os puntos de vista político, social, económico e cultural; o propósito é desmitificar a "historia oficial", mostrando como o colonialismo político rematou por enxendrar o feixismo. Lástima que fosen moi poucos os films que chegaron ás nosas pantallas e pra eso por medio das salas especiais que non abundan precisamente na nosa terra.

Despois dos citados outros títulos que non debemos esquecer dentro do "cinema novo" son: "Os cafejesteis", "Porto das caixas", "Cinco veces favela", "O desafío", "Menino de engenho", "Matraga", "Sao Paulo" S.A., "Garota de Ipanema", "Viramundo", "Garrincha alegría do povo", etc.

Nun próximo artigo remataremos de falar do cine antiimperialista en América Latina, centrándonos fundamentalmente no cine chileno e no cine cubano, como os máis importantes. Un terceiro artigo versará sobre o cine antiimperialista en África e Asia. Un cuarto estará dedicado a dar unha información sucinta dos títulos, nacionalidás, autores i enderezos de distribuidoras de cine antiimperialista que teñen distribución dentro do Estado Español e que, por tanto, poden ser programados por Asociacións culturais, de veciños, Cine Clubs, colexios, etc.

XOSE PAZ R.